

**PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA**

**FÍSICA E QUÍMICA**

**2º, 3º e 4º ESO**

**CURSO 2021/2022**

**Departamento de Física e Química**

## I COMPOÑENTES DO DEPARTAMENTO

Compón o Departamento de Física e Química neste curso 2021-2022 a seguinte docente:

**María Isabel Quintana Lourido que imparte:**

- Ten ao seu cargo a Xefatura do Departamento (1h)
- Física e química 2º ESO A (3h)
- Física e Química 3º ESO A (2h).
- Física e Química 4º ESO A (3h).

## II INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

A presente programación está destinada ao alumnado do CPI dos Dices, provincia de A Coruña.

No CPI impártense as etapas de educación infantil, primaria e secundaria.

O Colexio está situado no lugar de Dices, no Concello de Rois. O Concello de Rois pertence á Comarca do Sar e está situado no sudoeste da Provincia da Coruña. Limita polo norte co concello de Brión; polo sur cos de Dodro e Rianxo; polo este cos de Padrón e Teo; e polo oeste co de Lousame. A extensión territorial deste concello é de 92,8 km<sup>2</sup> divididos entre doce parroquias.

Os alumnos proceden de concellos marcadamente rurais. Polo tanto teñen suficientes experiencias propias relacionadas coa Natureza. Pola contra, a súa aprendizaxe formal ocorreu en lugares diferentes polo que é de prever diversidade de alumnado.

A programación dos distintos contidos da Física e da Química na ESO reflicte os contidos oficiais, pero tendo en conta a diversidade do alumnado ao cal se dirixe.

Aténdese aos diferentes niveis de desenvolvemento das súas capacidades, aos seus intereses e ás súas expectativas.

Por outra banda, a Física e a Química son materias que estudan a propia Natureza e os seus fenómenos. Polo tanto, na metodoloxía desta programación debe quedar recollido que estas materias son unha ferramenta para a análise de fenómenos cotiáns, aqueles cos que o alumnado estea familiarizado.

Deste xeito, facilitamos ao alumnado o achegamento á Natureza e ás ideas básicas da ciencia, que axuden á comprensión de problemas, e a súa solución poida contribuir ao desenvolvemento científico e tecnolóxico.

En definitiva, trátase de incidir na familiarización do alumnado coa natureza e nas bases conceptuais da ciencia e da tecnoloxía, co obxectivo de que sexa quen de comprender as problemáticas de orixe científica tecnolóxica que lle poidan afectar como cidadán, e xerar nel actitudes responsables para que participe na toma de decisións chegado o momento se fose necesario.

Para a realización desta programación tómase como punto de partida o currículo da materia de Física e Química para o ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia, o decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia (LOMLOE).

A programación docente está deseñada tendo en conta as características do alumnado ao que vai dirixido, o modelo de centro reflectido no Proxecto Educativo do Centro, e os principios de igualdade, calidade e inclusión no marco europeo que promulga a LOMLOE; ademais de toda a normativa que a desenvolve.

### III CONTRIBUCIÓN ÁS COMPETENCIAS CLAVE

A aprendizaxe da Física e da Química resulta imprescindible, xunto coas demais ciencias experimentais e a tecnoloxía, para permitir aos alumnos e alumnas analizar con coñecemento de causa os problemas de orixe científica e tecnolóxica que se formulan na nosa sociedade, así como participar no debate que suscitan e dar a resposta que corresponda como cidadanía responsable. Ademais, compártese co resto das disciplinas a responsabilidade de promover no alumnado a adquisición das competencias necesarias para que poida integrarse na sociedade de xeito activo

#### CMCCT (COMPETENCIA MATEMÁTICA E COMPETENCIAS BÁSICAS EN CIENCIA E TECNOLOXÍA)

A materia de Física e Química debe capacitar os alumnos e as alumnas para extraer e comunicar conclusións a partir de probas científicas, formular preguntas que a ciencia poida responder e explicar cientificamente fenómenos físicos e naturais. Como materia científica, Física e Química ten o compromiso engadido de dotar ao alumnado de ferramentas específicas que lle permitan afrontar o futuro con garantías, participando no desenvolvemento económico e social ao que está ligada a capacidade científica, tecnolóxica e innovadora da propia sociedade.

O coñecemento científico cuantifícase grazas á linguaxe matemática. O emprego de números, símbolos, operacións e relacións entre eles forman parte da metodoloxía científica e constitúen unha base importante para a comprensión de leis e principios. Na realización de investigacións sinxelas, traballos prácticos ou resolucións de problemas desenvólvense capacidades para identificar e manexar variables, para organizar e representar datos obtidos de maneira experimental, para a interpretación gráfica das relacións entre eles, para realizar operacións con números e símbolos, para atopar as solucións correctas, para cuantificar as leis e principios científicos e para utilizar estratexias básicas na resolución. Na Física e Química emprégase o razoamento matemático como apoio cara a unha mellor comprensión das relacións entre conceptos.

Asimesmo, dende a Física e a Química o alumnado aprende os conceptos básicos que lle permitan analizar, dende diferentes eidos do coñecemento científico, a materia, os seres vivos e os fenómenos naturais, así como as súas transformacións e os seus efectos sobre o ambiente, a saúde e a tecnoloxía.

#### **CD (COMPETENCIA DIXITAL)**

O alumnado de ESO e bacharelato para o que se desenvolveu o presente currículo básico é nativo dixital e, en consecuencia, está familiarizado coa presentación e a transferencia dixital de información. O uso de aplicacións virtuais interactivas permite realizar experiencias prácticas que por razóns de infraestrutura non serían viables noutras circunstancias. Por outra banda, a posibilidade de acceder a unha grande cantidade de información implica a necesidade de clasificala segundo criterios de relevancia, o que permite desenvolver o espírito crítico do alumnado.

Na materia Física e Química trabállanse habilidades para identificar, contextualizar, relacionar e sintetizar a información procedente de diferentes fontes e presentada en diversas linguaxes propias das tecnoloxías da información e comunicación, como os buscadores pola internet, documentos dixitais, foros, chats, mensaxaría, xornais dixitais, revistas divulgativas na web, presentacións electrónicas e simulacións interactivas. A análise crítica destas fontes fomenta o seu emprego reflexivo evitando o seu uso indiscriminado.

Cando se apoia a aprendizaxe de modelos teóricos por medio de simulacións, cando se traballan representacións de datos por medio de programas informáticos, cando se realizan experiencias virtuais para contrastalas coas reais, cando se representan estruturas moleculares, atómicas, anatómicas, xeolóxicas, situacións problemáticas coa axuda dos ordenadores, desde a área estase a contribuír á Competencia Dixital.

#### **CCL (COMUNICACIÓN LINGÜÍSTICA)**

Das múltiples achegas a esta competencia clave (defensa de traballos de investigación, selección e interpretación da información, comunicación dos traballos realizados, etc.) podemos salientar dúas: a

relacionada coa linguaxe propia das ciencias (interpretación de gráficas, táboas, etiquetaxes, símbolos, formulación, etc.) e, moi importante, a relacionada co proceso de argumentación, entendido como o proceso de avaliación dos enunciados de coñecemento, á luz das probas dispoñibles.

A comunicación nos ámbitos da comprensión e expresión, tanto oral como escrita, constitúe un eixe fundamental no proceso de ensino-aprendizaxe do coñecemento científico. Nesta área trátase de desenvolver a capacidade de comprensión cando se fan lecturas de textos científicos e o alumnado aprende a diferenciarlos doutros que non son científicos, cando se contrastan materiais escritos e audiovisuais de diferentes fontes, tanto descritivos como argumentativos, nun proceso que pasa pola identificación dos conceptos e ideas principais, a interpretación do papel que desempeñan segundo o contexto e as relacións que se establecen entre eles. Na resolución de problemas débese estimular a lectura comprensiva a través da contextualización da situación, da identificación dos conceptos que aparecen e das relacións que se establecen entre ditos conceptos e os datos. No ensino da área a expresión oral e escrita busca a coherencia e precisión sen ambigüidades no uso da linguaxe, tanto no nivel descritivo como no interpretativo. Trabállase a expresión cando se emiten hipóteses, se contrastan ideas e se aclaran significados sobre conceptos ou procesos científicos en contextos diferentes. Tamén realízanse sínteses, elabóranse mapas conceptuais, extraense conclusións, realízanse informes ou organízanse debates onde se fomenten actitudes que favorezan a mellora na expresión oral e escrita, a confianza para expresarse en público, saber escoitar, ou contrastar opinións e ter en conta as ideas dos demais.

### **CAA (APRENDER A APRENDER)**

A actividade científica caracterízase pola curiosidade, o interese por aprender propio da ciencia. En unión a procesos tales como a reflexión sobre si mesmo/a como estudante, sobre a tarefa a desenvolver ou sobre as estratexias para aprender, a Física e Química achega unha estratexia, o método científico, nomeadamente relevante no proceso de adquisición de coñecementos.

**Aprender** dende a Física e Química nun mundo en continuo e acelerado cambio, implica espertar inquietudes e motivacións cara á aprendizaxe permanente. Cando afloran as ideas previas do alumnado sobre os contidos científicos, favorécese esta competencia xa que se está a promover que as alumnas e os alumnos sexan conscientes do seus propios coñecementos e limitacións. Pódese empregar a historia da Ciencia para que os estudantes non caian no desánimo de estar case sempre errados nas súas concepcións, cando ata os máis grandes científicos experimentaron erros e resistencias ás novas ideas.

### **CSC (COMPETENCIAS SOCIAIS E CÍVICAS)**

Promover actitudes e valores relacionados coa asunción de criterios éticos fronte a problemas relacionados co impacto das ciencias e da tecnoloxía no noso contorno: conservación de recursos,

cuestións ambientais, etc. A mesma competencia tamén está relacionada co traballo en equipo que caracteriza a actividade científica.

Esta área trata de dotar ó alumnado das habilidades necesarias para comprender a problemática actual en relación coa súa persoa, co resto da sociedade e co planeta. A aproximación do currículo á situación concreta na cal se vive facilita a participación activa do alumnado en actividades que impliquen esa cidadanía responsable. A Física e a Química contribúen a coñecer e aceptar o funcionamento do corpo, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais e ser críticos cos hábitos sociais pouco saudables, e tamén a contribuír á conservación e mellora do ambiente. Os debates históricos sobre as diferentes concepcións dos fenómenos que afectan ás persoas serven para traballar habilidades sociais relacionadas coa participación e cooperación, e para aprender a poñerse en lugar dos outros, aceptar diferenzas, respectar os valores, crenzas e a diversidade de culturas. A natureza cambiante da investigación científica na historia e o actual carácter colectivo da mesma, proporcionan unha base excelente para valorar a cooperación e o traballo en grupo como imprescindibles para o desenvolvemento.

### **CSIEE (SENTIDO DE INICIATIVA E ESPÍRITO EMPRENDEDOR)**

Tanto o traballo en equipo como a creatividade na resolución de problemas ou o deseño de experiencias e pequenas investigacións, tarefas todas elas propias da actividade científica, propician, nos contextos adecuados, o desenvolvemento da competencia de sentido da iniciativa e espírito emprendedor, sen a que non se entendería o progreso da ciencia.

A Física e a Química contribúen a esta competencia clave coa potenciación do espírito crítico e da autonomía intelectual e moral para se enfrontar a problemas abertos, participando na construción de solucións e obtendo satisfacción co coñecemento científico e tecnolóxico. Coa mellora nos procesos de toma de decisións e a potenciación do espírito emprendedor calculando riscos, anticipándose ás consecuencias e asumindo responsabilidades. A abstracción necesaria no eido das Ciencias favorece o traballo persoal de reflexión e organización de ideas, así como a aprendizaxe de procedementos e ferramentas que deben ser empregados na resolución autónoma de problemas, tanto escritos, como de laboratorio.

### **CCEC (CONCIENCIA E EXPRESIÓNS CULTURALS)**

Dende a Física e a Química contribúese a favorecer o afondamento nunha verdadeira cultura científica, baseada na concepción da ciencia como cultura e non só como un conxunto de coñecementos que, estruturados en teorías, poidan ter algunha aplicación máis ou menos útil por ser moitos os logros da

ciencia que modificaron o noso modo de entender o mundo e moitos os científicos e as científicas que influíron na nosa forma de comprender a realidade.

Na expresión das ideas, conceptos e principios da Física e Química empréganse, de xeito creativo, diferentes códigos artísticos para representar fenómenos ou situacións dun xeito comprensible. Desde a área de Ciencias contribúese a desenvolver esta competencia cando se promove a presentación das ideas ou traballos en formatos diversos, deixando ás alumnas e aos alumnos a liberdade de elixir ditos formatos estéticos e artísticos, cando se utilizan os museos de Ciencias para espallar os xeitos de pensar ou facer doutras culturas, ou nas exposicións relacionadas co ámbito científico, como medio de coñecer, comprender e disfrutar do coñecemento científico.

### **Concreción dos Elementos Transversais**

Vinculados cas competencias clave, están os elementos transversais. Este Departamento considera que os elementos transversais como a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e da comunicación, o emprendemento, e a educación cívica e constitucional deben traballarse nesta materia, e relacionarse estreitamente cos contidos actitudinais.

Fomentarase o desenvolvemento da igualdade efectiva entre homes e mulleres e a prevención da violencia de xénero: Romper coa imaxe tradicional do científico-home, facendo ver que foron os condicionamentos sociais os que impediron á muller acadar o mesmo nivel; buscar referencias a mulleres científicas dentro da historia; comentar que, en moitos casos, as súas contribucións foron menosprezadas polos seus colegas masculinos; aportar datos do papel actual da muller na investigación e exemplos de casos relevantes.

Farase fincapé na igualdade entre homes e mulleres, a prevención da violencia de xénero ou contra persoas con discapacidade, e os valores inherentes ao principio de igualdade de trato e non discriminación por calquera condición ou circunstancia persoal e social. Evitaranse os comportamentos e os contidos sexistas e os estereotipos que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero, favorecendo a visibilidade da realidade homosexual, bisexual, transexual, transxénero e intersexual.

Do mesmo xeito, promoverá a aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto aos dereitos humanos, o respecto por igual aos homes e ás mulleres, e ás persoas con discapacidade, e o rexeitamento da violencia terrorista,

a pluralidade, o respecto ao Estado de dereito, o respecto e a consideración ás vítimas do terrorismo, e a prevención do terrorismo e de calquera tipo de violencia.

O traballo en equipo, a colaboración, o respecto ao material e ás normas de convivencia dentro da aula son valores esenciais para o traballo científico. Trátase de proxectar estes valores á vida fora da aula, cos amigos, as familias e na sociedade en xeral.

Os grandes científicos que aparecen no currículo da Física e Química son de nacionalidades diversas, aínda que fundamentalmente do ámbito da cultura occidental. Na loita por alcanzar un mundo sen conflitos nacionais e internacionais, é fundamental inculcar ás novas xeracións o respecto por sociedades e culturas distintas ás de cada cal. É importante facer chegar ao alumnado as contribucións á Ciencia de outras culturas que, sobre todo noutras épocas, aportaron grandes descubrimentos ou conservaron e transmitiron os de outras culturas.

Trátase de facer comprender que a sociedade occidental é o resultado de asimilar as conquistas doutras sociedades que xa acadaran altas cotas de desenvolvemento cando Europa estaba habitada por tribos paleolíticas (Babilonia, Exipto, ... ) ou sumida nunha escura Idade Media (China, India, Imperio Árabe, ... ), e que, na actualidade, a Ciencia é mundial: é unha parte da contribución de homes e mulleres de diferentes partes do mundo ao acervo cultural e ao progreso pacífico da humanidade.

Non se pode pasar por alto e hai que denunciar que unha boa parte da investigación que se fai é con fins militares ou simplemente con afán de lucro, incidindo na repulsa cara á aplicación da radioactividade na construción de armas, como é a bomba atómica. Pero esa denuncia debe servir para reforzar a idea dun mundo que podería desenvolverse moito mellor se eses enormes recursos se puxeran ao servizo das demandas da humanidade e sen recorrer á violencia para solucionar os seus conflitos.

O ámbito da educación para a saúde e a ambiental teñen boa cabida no currículo da Física e da Química. O estudo do movemento e as forzas permite reflexionar sobre as posturas no esforzo e no descanso, así como na práctica do deporte. O estudo das ondas e a luz permite reflexionar sobre os problemas ambientais e para a saúde do ruído e o abuso dos volumes altos tan de moda; dos efectos dos raios ultravioletas e o uso de outras radiacións electromagnéticas, incidindo nos casos prexudiciais, como nos embarazos, o abuso da exposición ao sol, etc. A electricidade, nos perigos do uso inadecuado dela e nos fundamentos e usos de aparatos de uso sanitario. A teoría cinética, para explicar a necesidade de introducir zonas habilitadas para fumadores en restaurantes, interior de empresas, etc., co obxectivo, por unha parte, de non molestar ás persoas non fumadoras; e, por outra, de permitir as necesidades das persoas fumadoras. A química en xeral, para tomar conciencia dos efectos positivos sobre a calidade de vida e tamén dos negativos, os elementos químicos, como elementos

imprescindibles para o correcto funcionamento do organismo. A química do carbono, en particular sobre aspectos como os novos materiais; a produción e conservación de alimentos, as manipulacións xenéticas e o uso de aditivos químicos; as medicinas e o uso correcto dos mesmos, así como o risco que implica a automedicación; os prexuízos do alcohol; as medidas de hixiene e conservación referentes a substancias importantes para a vida, así como dos perigos da súa inadecuada manipulación.

O ámbito da educación e a seguridade viaria tratarase no estudo do movemento, das forzas e da enerxía, tanto os aspectos do perigo do tráfico, como o fomento do uso de medios públicos de transporte, medios non contaminantes (bicicleta) e camiñar. Promoveranse accións para a mellora da convivencia e a prevención dos accidentes de tráfico, coa finalidade de que os/as alumnos/as coñezan os seus dereitos e deberes como usuarios/as das vías, en calidade de peóns, viaxeiros/as e condutores/as de bicicletas ou vehículos a motor, respecten as normas e os sinais, e se favoreza a convivencia, a tolerancia, a prudencia, o autocontrol, o diálogo e a empatía con actuacións adecuadas tendentes a evitar os accidentes de tráfico e as súas secuelas.

Nas materias de Física e Química fomentaranse as medidas para que o alumnado participe en actividades que lle permitan afianzar o espírito emprendedor e a iniciativa empresarial a partir de aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico.

Este traballo realizarase mediante a realización de tarefas e actividades coma:

- comprensión de textos de carácter científico;
- interpretación de imaxes, táboas e gráficos;
- busca de información en internet e noutros medios;
- exposición de conclusións despois da análise de textos e gráficos;
- valoración da importancia da Física e da Química, da súa evolución, así como da influencia nas nosas vidas;
- deseño de experimentos no laboratorio;
- uso da nomenclatura dos compostos químicos;
- traballos en pequenos grupos;
- valoración crítica dos avances científicos e tecnolóxicos.

## IV FÍSICA E QUÍMICA – 2º ESO

1. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN
2. OBXECTIVOS DA ESO
3. UNIDADES DIDÁCTICAS, TEMPORALIZACIÓN E % DE PONDERACIÓN
4. OBXECTIVOS, COMPETENCIAS CLAVE, ÉSTANDARES DE APRENDIZAXE, GRAO MÍNIMO PARA A CONSECUCIÓN DA MATERIA E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN
5. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN
6. ACTIVIDADES DE RECUPERACIÓN DURANTE O CURSO
7. METODOLOXÍA
8. PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN
9. PLAN DE REFORZO
10. ENSINO A DISTANCIA

### 1 INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

No primeiro ciclo de ESO débense afianzar e ampliar os coñecementos que sobre as ciencias da natureza foron adquiridos polo alumnado na etapa de educación primaria. O enfoque co que se procura introducir os conceptos debe ser fundamentalmente fenomenolóxico; deste xeito, a materia preséntase como a explicación lóxica de todo aquilo ao que o alumnado está afeito e coñece. É importante sinalar que neste ciclo a materia de Física e Química pode ter carácter terminal, polo que o seu obxectivo prioritario será o de contribuír á cimentación dunha cultura científica básica. Por este motivo, enfocaremos a materia cara á experimentación co obxectivo de afianzar a práctica do método científico e a comprensión dos fenómenos cotiáns.

O grupo 2º ESO A está formado por 28 alumnos, dos cales un ten TEA e TDAH, outros dous alumnos teñen altas capacidades e hai un alumno e unha alumna que repiten curso.

En todo caso, para o alumnado de 2º ESO a materia Física e Química é unha disciplina nova. É importante despertar nel o interese polas ciencias experimentais e o método científico como ferramenta para a comprensión do medio e a formación do espírito crítico ante as pseudociencias, así como introducir o traballo coa ferramenta formal da matemática, imprescindible para a representación cuantitativa da Física e a Química.

## 2 OBXECTIVOS DA ESO

A educación secundaria obrigatoria contribuirá a desenvolver nos alumnos e nas alumnas as capacidades que lles permitan:

**a)** Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.

**b)** Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.

**c)** Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.

**d)** Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.

**e)** Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.

**f)** Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en materias, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia.

**g)** Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.

**h)** Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.

**i)** Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.

**l)** Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.

**m)** Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.

**n)** Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.

**ñ)** Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.

**o)** Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersoal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

### **3 UNIDADES DIDÁCTICAS, TEMPORALIZACIÓN E % DE PONDERACIÓN**

O traballo do curso organizarase nas seguintes Unidades Didácticas que recollen os obxectivos, criterios de avaliación, contidos, estándares de aprendizaxe e competencias clave que aparecen no Decreto 86/2015 do 25 de xuño ( DOG 29/6/2015), no que se establece o currículo de ESO e Bacharelato.

O curso desenvólvese ao longo de 3 sesións semanais de 50 minutos cada unha. A adaptación aos membros do grupo e á dinámica particular do mesmo fan necesario que o deseño que propoñemos a continuación sexa flexible e, por suposto, susceptible de modificacións a tempo real, tendo sempre presente a cohesión de contidos e o desenvolvemento e rendemento do traballo na aula. Asimesmo, a necesaria ligazón entre a materia e as novas científicas poden conducir á introdución de sesións de traballo de indagación sobre estas novas, como exemplos prácticos de aplicación do método científico.

AVALIACIÓN	UD	DENOMINACIÓN UD	% Peso aprox da UD na avaliación	% Peso aproximado da UD no total do curso
1ª	1	O MÉTODO CIENTÍFICO	15%	5%
	2	O LABORATORIO E A MEDIDA	25%	8,3%
	3	PROPIEDADES DA MATERIA	20%	6,7%
	4	ESTADOS DE AGREGACIÓN DA MATERIA	40%	13,3%
			<b>TOTAL: 100%</b>	<b>TOTAL do curso: 33,3%</b>
2ª	5	SUBSTANCIAS PURAS E MESTURAS	30%	10%
	6	AS REACCIÓNS QUÍMICAS	35%	11,7%
	7	O MOVEMENTO	35%	11,7%
			<b>TOTAL: 100%</b>	<b>TOTAL do curso: 33,3%</b>
3ª	8	AS FORZAS	60%	20%
	9	A ENERXÍA E AS SÚAS TRANSFORMACIÓNS	40%	13,3%
			<b>TOTAL: 100%</b>	<b>TOTAL do curso: 33,3%</b>

\*As porcentaxes son aproximadas. Asimesmo, se non se pode traballar toda a programación, modificaranse convenientemente estas porcentaxes.

#### 4. OBXECTIVOS, COMPETENCIAS CLAVE, ÉSTANDARES DE APRENDIZAXE, GRAO MÍNIMO PARA A CONSECUCIÓN DA MATERIA.

##### UNIDADE 1: O MÉTODO CIENTÍFICO

##### CONTIDOS:

Método científico: etapas.  
 Utilización das tecnoloxías da información e da comunicación.  
 Aplicacións da ciencia á vida cotiá e á sociedade

##### UNIDADE 1: O MÉTODO CIENTÍFICO

OBXECTIVOS	COMP. CLAVE	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	AV	GRAO MÍNIMO PARA A SUPERACIÓN DA MATERIA	INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN		
					Proba escrita	Traballo de lab. e/ou sobre simul.	Observ. aula/caderno/proxecto
f,h	CAA CCL CMCCT	FQB1.1.1. Formula, de forma guiada, hipóteses para explicar fenómenos cotiáns, utilizando teorías e modelos científicos sinxelos.	1ª	FQB1.1.1. Formula, de forma guiada, hipóteses para explicar fenómenos cotiáns.	X		X
f,m	CCEC CMCCT	FQB1.2.1. Relaciona a investigación científica con algunha aplicación tecnolóxica sinxela na vida cotiá.	1ª	FQB1.2.1. Relaciona a investigación científica con algunha aplicación tecnolóxica sinxela na vida cotiá.	X		X
e, f, h, l	CAA CCL CMCCT	FQB1.5.1. Selecciona e comprende de forma guiada información relevante nun texto de divulgación científica, e transmite as conclusións obtidas utilizando a linguaxe oral e escrita con propiedade.	1ª	FQB1.5.1. Selecciona e comprende de forma guiada información relevante nun texto de divulgación científica.	X		X

**UNIDADE 2: O LABORATORIO E A MEDIDA**

**CONTIDOS:**

Medida de magnitudes. Sistema Internacional de Unidades.  
 Traballo no laboratorio.  
 Procura e tratamento de información.  
 Utilización das tecnoloxías da información e da comunicación.  
 Proxecto de investigación.

**UNIDADE 2: O LABORATORIO E A MEDIDA**

OBJECTIVOS	COMP. CLAVE	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	AV	GRAO MÍNIMO PARA A SUPERACIÓN DA MATERIA	INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN		
					Proba escrita	Traballo de lab. e/ou sobre simul.	Observ. aula/caderno/proxecto
b, f	CMCCT	FQB1.3.1. Establece relación entre magnitudes e unidades utilizando, preferentemente, o Sistema Internacional de Unidades para expresar os resultados.	1ª	FQB1.3.1. Establece relación entre magnitudes e unidades e coñece o Sistema Internacional de Unidades	x		x
f, h	CCL CMCCT	FQB1.1.2. Rexistra observacións e datos de maneira organizada e rigorosa, e comunicaos oralmente e por escrito utilizando esquemas, gráficos e táboas.	1ª	FQB1.1.2. Rexistra observacións e datos de maneira organizada, e comunicaos oralmente e por escrito utilizando esquemas, gráficos e táboas.	x	x	
b, f	CSIEE CMCCT	FQB1.3.2. Realiza medicións prácticas de magnitudes físicas da vida cotiá empregando o material e os instrumentos apropiados, e expresa os resultados correctamente no	1ª	Realiza medicións prácticas de magnitudes físicas da vida cotiá empregando o material e os instrumentos apropiados, e expresa os resultados correctamente no			

		Sistema Internacional de Unidades.		Sistema Internacional de Unidades.			
f	CCL CMCCT	FQB1.4.1. Recoñece e identifica os símbolos máis frecuentes utilizados na etiquetaxe de produtos químicos e instalación, interpretando o seu significado.	1ª	FQB1.4.1. Recoñece os símbolos máis frecuentes utilizados na etiquetaxe de produtos químicos, interpretando o seu significado.			
f	CMCCT	FQB1.4.2. Identifica material e instrumentos básicos de laboratorio e coñece a súa forma de utilización para a realización de experiencias, respectando as normas de seguridade e identificando actitudes e medidas de actuación preventivas.	1ª	FQB1.4.2. Identifica material e instrumentos básicos de laboratorio e coñece as normas de seguridade e actitudes e medidas de actuación preventivas.			
g, h, l	CAA CSC CSIEE	FQB1.6.2. Participa, valora, xestiona e respecta o traballo individual e en equipo.	1ª	FQB1.6.2. Participa e respecta o traballo individual e en equipo.			
g, h, l	CD CMCCT CSIEE	FQB1.6.1. Realiza pequenos traballos de investigación sobre algún tema obxecto de estudo, aplicando o método científico e utilizando as TIC para a procura e a selección de información e presentación de conclusións.	1ª	FQB1.6.1. Realiza pequenos traballos de investigación sobre algún tema obxecto de estudo, aplicando o método científico e utilizando as TIC			

**UNIDADE 3: PROPIEDADES DA MATERIA**

**CONTIDOS:**

Propiedades da materia.  
Aplicacións dos materiais

**UNIDADE 3: PROPIEDADES DA MATERIA**

OBXECTIVOS	COMP. CLAVE	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	AV	GRAO MÍNIMO PARA A SUPERACIÓN DA MATERIA	INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN		
					Proba escrita	Traballo de lab. e/ou sobre simul.	Observ. aula/caderno/proxecto
b,f	CMCCT	FQB2.1.1. Distingue entre propiedades xerais e propiedades características da materia, e utiliza estas últimas para a caracterización de substancias.	1ª	FQB2.1.1. Distingue entre propiedades xerais e propiedades características da materia.	X		X
b,f	CMCCT	FQB2.1.2. Relaciona propiedades dos materiais do contorno co uso que se fai deles.	1ª	FQB2.1.2. Recoñece as propiedades dos materiais do contorno.	X		X
b,f	CMCCT	FQB2.1.3. Describe a determinación experimental do volume e da masa dun sólido, realiza as medidas correspondentes e calcula a súa densidade.	1ª	FQB2.1.3. Describe a determinación experimental do volume e da masa dun sólido, realiza as medidas correspondentes e calcula a súa densidade.	X	X	

**UNIDADE 4: ESTADOS DE AGREGACIÓN DA MATERIA**

**CONTIDOS:**

Estados de agregación.

Cambios de estado. Modelo cinético-molecular.

Leis dos gases.

Escalas de temperatura.

**UNIDADE 4: ESTADOS DE AGREGACIÓN DA MATERIA**

OBXECTIVOS	COMP. CLAVE	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	AV	GRAO MÍNIMO PARA A SUPERACIÓN DA MATERIA	INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN		
					Proba escrita	Traballo de lab. e/ou sobre simul.	Observ. aula/caderno/proxecto
b,f	CMCCT	FQB2.2.1. Xustifica que unha substancia pode presentarse en distintos estados de agregación dependendo das condicións de presión e temperatura en que se ache.	1ª	FQB2.2.1. Coñece os distintos estados de agregación da materia e asocia aos cambios de presión e temperatura.			
b,f	CMCCT	FQB2.2.2. Explica as propiedades dos gases, os líquidos e os sólidos.	1ª	FQB2.2.2. Explica as propiedades dos gases, os líquidos e os sólidos.	X		X
b,f	CMCCT	FQB2.2.3. Describe os cambios de estado da materia e aplícaos á interpretación de fenómenos cotiáns.	1ª	FQB2.2.3. Describe os cambios de estado da materia e aplícaos á interpretación de fenómenos cotiáns.			
b,f	CMCCT	FQB2.2.4. Deduce a partir das gráficas de quecemento dunha substancia os seus puntos	1ª	FQB2.2.4. Deduce a partir das gráficas de quecemento dunha substancia os seus puntos de	X		X

		de fusión e ebulición, e identifícaa utilizando as táboas de datos necesarias.		fusión e ebulición.			
f	CMCCT	FQB2.3.1. Xustifica o comportamento dos gases en situacións cotiás, en relación co modelo cinético-molecular.	1ª	FQB2.3.1. Xustifica o comportamento dos gases en situacións cotiás, en relación co modelo cinético-molecular.	X		X
f	CAA CMCCT	FQB2.3.2. Interpreta gráficas, táboas de resultados e experiencias que relacionan a presión, o volume e a temperatura dun gas, utilizando o modelo cinético-molecular e as leis dos gases.	1ª	FQB2.3.2. Interpreta gráficas, táboas de resultados e experiencias que relacionan a presión, o volume e a temperatura dun gas, utilizando o modelo cinético-molecular e as leis dos gases.			
f, h	CMCCT	FQB5.3.1. Explica o concepto de temperatura en termos do modelo cinético-molecular, e diferencia entre temperatura, enerxía e calor.	1ª	FQB5.3.1. Explica o concepto de temperatura en termos do modelo cinético-molecular.	X		X
f, h	CMCCT	FQB5.3.2. Recoñece a existencia dunha escala absoluta de temperatura e relaciona as escalas Celsius e kelvin.	1ª	FQB5.3.2. Recoñece a existencia dunha escala absoluta de temperatura e relaciona as escalas Celsius e kelvin.			
f, h	CMCCT	FQB5.4.1. Explica o fenómeno da dilatación a partir dalgunha das súas aplicacións como os termómetros de líquido, xuntas de dilatación en estruturas, etc.	1ª	FQB5.4.1. Explica o fenómeno da dilatación a partir dalgunha das súas aplicacións como os termómetros de líquido, xuntas de dilatación en estruturas, etc.			
f, h	CMCCT	FQB5.4.2. Explica a escala Celsius establecendo os puntos fixos dun termómetro baseado na dilatación dun líquido volátil.	1ª	FQB5.4.2. Explica a escala Celsius establecendo os puntos fixos dun termómetro baseado na dilatación dun líquido volátil.			

**UNIDADE 5: SUBSTANCIAS PURAS E MESTURAS**

**CONTIDOS:**

Substancias puras e mesturas.

Mesturas de especial interese: disolucións acuosas, aliaxes e coloides.

Métodos de separación de mesturas.

**UNIDADE 5: SUBSTANCIAS PURAS E MESTURAS**

OBXECTIVOS	COMP. CLAVE	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	AV	GRAO MÍNIMO PARA A SUPERACIÓN DA MATERIA	INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN		
					Proba escrita	Traballo de lab. e/ou simul.	Observ. aula/caderno/proxecto
f	CMCCT	FQB2.4.1. Distingue e clasifica sistemas materiais de uso cotián en substancias puras e mesturas, e especifica neste último caso se se trata de mesturas homoxéneas, heteroxéneas ou coloides.	2ª	FQB2.4.1. Distingue e clasifica sistemas materiais de uso cotián en substancias puras e mesturas, e especifica neste último caso se se trata de mesturas homoxéneas, heteroxéneas ou coloides.	X		X
f	CMCCT	FQB2.4.2. Identifica o disolvente e o soluto ao analizar a composición de mesturas homoxéneas de especial interese.	2ª	FQB2.4.2. Identifica o disolvente e o soluto ao analizar a composición de mesturas homoxéneas de especial interese.	X		X
f	CCL CMCCT	FQB2.4.3. Realiza experiencias sinxelas de preparación de disolucións, describe o procedemento seguido e o material utilizado, determina a concentración e exprésaa en gramos/litro.	2ª	FQB2.4.3. Realiza experiencias sinxelas de preparación de disolucións, describe o procedemento seguido e o material utilizado, determina a concentración e exprésaa en gramos/litro.	X	X	
f	CAA CMCCT CSIEE	FQB2.5.1. Deseña métodos de separación de mesturas segundo as propiedades características das substancias que as compoñen, describe o material de laboratorio adecuado e leva a cabo o proceso.	2ª	FQB2.5.1. Deseña métodos de separación de mesturas segundo as propiedades características das substancias que as componen e describe o material de laboratorio adecuado	X	X	

**UNIDADE 6: AS REACCIÓNS QUÍMICAS**

**CONTIDOS:**

Cambios físicos e cambios químicos.

Reacción química.

A química na sociedade e o ambiente.

**UNIDADE 6: AS REACCIÓNS QUÍMICAS**

OBXECTIVOS	COMP. CLAVE	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	AV	GRAO MÍNIMO PARA A SUPERACIÓN DA MATERIA	INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN		
					Proba escrita	Traballo de lab. e/ou simul.	Observ. aula/caderno/proxecto
f, h	CMCCT	FQB3.1.1. Distingue entre cambios físicos e químicos en accións da vida cotiá en función de que haxa ou non formación de novas substancias.	2ª	FQB3.1.1. Distingue entre cambios físicos e químicos en función de que haxa ou non formación de novas substancias.	X		X
f, h	CCL CMCCT	FQB3.1.2. Describe o procedemento de realización de experimentos sinxelos nos que se poña de manifesto a formación de novas substancias e reconece que se trata de cambios químicos.	2ª	FQB3.1.2. Describe o procedemento de realización de experimentos sinxelos nos que se poña de manifesto a formación de novas substancias e reconece que se trata de cambios químicos.	X	X	
f, h	CMCCT	FQB3.1.3. Leva a cabo no laboratorio reaccións químicas sinxelas.	2ª	FQB3.1.3. Leva a cabo no laboratorio reaccións químicas sinxelas.			
f	CMCCT	FQB3.2.1. Identifica os reactivos e os produtos de reaccións químicas sinxelas interpretando a representación esquemática	2ª	FQB3.2.1. Identifica os reactivos e os produtos de reaccións químicas sinxelas interpretando a	X		X

		dunha reacción química.		representación esquemática dunha reacción química.			
f	CMCCT	FQB3.3.1. Clasifica algúns produtos de uso cotián en función da súa procedencia natural ou sintética.	2ª	FQB3.3.1. Clasifica algúns produtos de uso cotián en función da súa procedencia natural ou sintética.	X		X
m	CMCCT CSC	FQB3.3.2. Identifica e asocia produtos procedentes da industria química coa súa contribución á mellora da calidade de vida das persoas.	2ª	FQB3.3.2. Identifica produtos procedentes da industria química coa súa contribución á mellora da calidade de vida das persoas.			
f, m	CMCCT CSC CSIEE	FQB3.4.1. Propón medidas e actitudes, a nivel individual e colectivo, para mitigar os problemas ambientais de importancia global	2ª	FQB3.4.1. Coñece medidas e actitudes, a nivel individual e colectivo, para mitigar os problemas ambientais de importancia global	X		X

#### UNIDADE 7: O MOVEMENTO

##### CONTIDOS:

Velocidade media.

Velocidade instantánea e aceleración.

Velocidade da luz. Estructura do Universo.

#### UNIDADE 7: O MOVEMENTO

OBXECTIVOS	COMP. CLAVE	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	AV	GRAO MÍNIMO PARA A SUPERACIÓN DA MATERIA	INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN		
					Proba escrita	Traballo de lab. e/ou sobre simul.	Observ. aula/caderno/proxecto

b, f	CAA CD CMCCT	FQB4.2.1. Determina, experimentalmente ou a través de aplicación informática, a velocidade media dun corpo, interpretando o resultado.	2ª	FQB4.2.1. Determina, experimentalmente ou a través de aplicación informática, a velocidade media dun corpo, interpretando o resultado.	X	X	
b, f	CMCCT	FQB4.2.2. Realiza cálculos para resolver problemas cotiáns utilizando o concepto de velocidade media.	2ª	FQB4.2.2. Calcula a velocidade media.			
f	CMCCT	FQB4.3.1. Deduce a velocidade media e instantánea a partir das representacións gráficas do espazo e da velocidade en función do tempo.	2ª	FQB4.3.1. Deduce a velocidade media e instantánea a partir das representacións gráficas do espazo en función do tempo.	X		X
f	CMCCT	FQB4.3.2. Xustifica se un movemento é acelerado ou non a partir das representacións gráficas do espazo e da velocidade en función do tempo.	2ª	FQB4.3.2. Xustifica se un movemento é acelerado ou non a partir das representacións gráficas do espazo e da velocidade en función do tempo.			
f	CMCCT	FQB4.7.1. Relaciona cuantitativamente a velocidade da luz co tempo que tarda en chegar á Terra desde obxectos celestes afastados e coa distancia á que se atopan eses obxectos, interpretando os valores obtidos.	2ª	FQB4.7.1. Relaciona cuantitativamente a velocidade da luz co tempo que tarda en chegar á Terra desde obxectos celestes afastados e coa distancia á que se atopan eses obxectos.	X		X

## UNIDADE 8: AS FORZAS

### CONTIDOS:

Forzas: efectos.  
Medida das forzas.  
Máquinas simples.  
O rozamento e os seus efectos.  
Forza gravitatoria.  
Estrutura do Universo.

**UNIDADE 8: AS FORZAS**

OBXECTIVOS	COMP. CLAVE	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	AV	GRAO MÍNIMO PARA A SUPERACIÓN DA MATERIA	INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN		
					Proba escrita	Traballo de lab. e/ou sobre simul.	Observ. aula/caderno/proxecto
F	CMCCT	FQB4.1.1. En situacións da vida cotiá, identifica as forzas que interveñen e relaciónnaas cos seus correspondentes efectos na deformación ou na alteración do estado de movemento dun corpo.	3ª	FQB4.1.1. En situacións da vida cotiá, identifica as forzas que interveñen e relaciónnaas cos seus correspondentes efectos na deformación ou na alteración do estado de movemento dun corpo.			
F	CMCCT	FQB4.1.3. Establece a relación entre unha forza e o seu correspondente efecto na deformación ou na alteración do estado de movemento dun corpo.	3ª	FQB4.1.3. Establece a relación entre unha forza e o seu correspondente efecto na deformación ou na alteración do estado de movemento dun corpo.	X		X
F	CMCCT	FQB4.5.1. Analiza os efectos das forzas de rozamento e a súa influencia no movemento dos seres vivos e os vehículos	3ª	FQB4.5.1. Analiza os efectos das forzas de rozamento e a súa influencia no movemento dos seres vivos e os vehículos			
F	CMCCT	FQB4.1.2. Establece a relación entre o alongamento producido nun resorte e as forzas que produciron eses alongamentos, e describe o material para empregar e o procedemento para a súa comprobación experimental.	3ª	FQB4.1.2. Establece a relación entre o alongamento producido nun resorte e as forzas que produciron eses alongamentos, e describe o material para empregar e o procedemento para a súa comprobación experimental	X	X	

F	CMCCT	FQB4.1.4. Describe a utilidade do dinamómetro para medir a forza elástica e rexistra os resultados en táboas e representacións gráficas, expresando o resultado experimental en unidades do Sistema Internacional.	3ª	FQB4.1.4. Describe a utilidade do dinamómetro para medir a forza elástica e rexistra os resultados en táboas e representacións gráficas.			
F	CMCCT	FQB4.4.1. Interpreta o funcionamento de máquinas mecánicas simples considerando a forza e a distancia ao eixe de xiro, e realiza cálculos sinxelos sobre o efecto multiplicador da forza producido por estas máquinas.	3ª	FQB4.4.1. Interpreta o funcionamento de máquinas mecánicas simples.	X		X
F	CMCCT	FQB4.6.1. Relaciona cualitativamente a forza de gravidade que existe entre dous corpos coas súas masas e a distancia que os separa.	3ª	FQB4.6.1. Relaciona cualitativamente a forza de gravidade que existe entre dous corpos coas súas masas e a distancia que os separa.			
f	CMCCT	FQB4.6.2. Distingue entre masa e peso calculando o valor da aceleración da gravidade a partir da relación entre esas dúas magnitudes.	3ª	FQB4.6.2. Distingue entre masa e peso calculando o valor da aceleración da gravidade a partir da relación entre esas dúas magnitudes.			
f	CMCCT	FQB4.6.3. Recoñece que a forza de gravidade mantén os planetas xirando arredor do Sol, e á Lúa arredor do noso planeta, e xustifica o motivo polo que esta atracción non leva á colisión dos dous corpos.	3ª	FQB4.6.3. Recoñece que a forza de gravidade mantén os planetas xirando arredor do Sol, e á Lúa arredor do noso planeta.	X		X
b, e, f, g, h	CCL CD CMCCT CSIEE	FQB4.8.1. Realiza un informe, empregando as tecnoloxías da información e da comunicación, a partir de observacións ou da procura guiada de información sobre a forza gravitatoria e os fenómenos asociados a ela.	3ª	FQB4.8.1. Realiza un informe, empregando as tecnoloxías da información e da comunicación, a partir de observacións ou da procura guiada de información sobre a forza gravitatoria e os fenómenos asociados a ela.			

**UNIDADE 9: A ENERXÍA E AS SÚAS TRANSFORMACIÓNS**

**CONTIDOS:**

Enerxía: unidades.  
 Tipos de enerxía.  
 Transformacións da enerxía.  
 Conservación da enerxía.  
 Enerxía térmica. Calor e temperatura. Efectos da enerxía térmica.  
 Fontes de enerxía.  
 Uso racional da enerxía.  
 Aspectos industriais da enerxía.

**UNIDADE 9: A ENERXÍA E AS SÚAS TRANSFORMACIÓNS**

OBXECTIVOS	COMP. CLAVE	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	AV	GRAO MÍNIMO PARA A SUPERACIÓN DA MATERIA	INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN		
					Proba escrita	Traballo de lab. e/ou sobre simul.	Observ. aula/caderno/proxecto
f	CMCCT	FQB5.1.1. Argumenta que a enerxía pode transferirse, almacenarse ou disiparse, pero non crearse nin destruírse, utilizando exemplos.	3ª	FQB5.1.1. Argumenta que a enerxía pode transferirse, almacenarse ou disiparse, pero non crearse nin destruírse, utilizando exemplos.	X		X
f	CMCCT	FQB5.2.1. Relaciona o concepto de enerxía coa capacidade de producir cambios, e identifica os tipos de enerxía que se poñen de manifestó en situacións cotiás, explicando as transformacións dunhas formas noutras.	3ª	FQB5.2.1. Recoñeceo tipos de enerxía que se poñen de manifestó en situacións cotiás, explicando as transformacións dunhas formas noutras.			

f, h	CAA CMCCT CSC	FQB5.3.3. Identifica os mecanismos de transferencia de enerxía recoñecéndoo en situacións cotiás e fenómenos atmosféricos, e xustifica a selección de materiais para edificios e no deseño de sistemas de quecemento.	3ª	FQB5.3.3. Identifica os mecanismos de transferencia de enerxía recoñecéndoo en situacións cotiás.			
f	CMCCT	FQB5.1.2. Recoñece e define a enerxía como unha magnitude e exprésaa na unidade correspondente do Sistema Internacional.	3ª	FQB5.1.2. Recoñece e define a enerxía como unha magnitude e exprésaa na unidade correspondente do Sistema Internacional.	X		X
f, h	CMCCT	FQB5.3.1. Explica o concepto de temperatura en termos do modelo cinético-molecular, e diferencia entre temperatura, enerxía e calor.	3ª	FQB5.3.1. Explica o concepto de temperatura en termos do modelo cinético-molecular.	X		X
f, h, m	CCL CMCCT CSC	FQB5.5.1. Recoñece, describe e compara as fontes renovables e non renovables de enerxía, analizando con sentido crítico o seu impacto ambiental.	3ª	FQB5.5.1. Recoñece, describe e compara as fontes renovables e non renovables de enerxía, analizando con sentido crítico o seu impacto ambiental.	X		X

## 4 CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

En cada avaliación faranse como mínimo dúas probas escritas sobre as UD traballadas. Cada exame contará un 35%.

Unha vez feita esta ponderación, a nota final de avaliación calcularase tendo en conta:

**a) probas escritas (70%).**

- Se un alumno é sorprendido nunha conducta fraudulenta durante algunha proba escrita, o docente tomará a decisión que considere máis axeitada.

**b) tarefas clase/casa e prácticas de laboratorio (30%).**

- Cada un destes epígrafes avalíase por separado e logo faise a media aritmética.
- Se un alumno se limita a copiar os datos dos compañeiros sen traballar no laboratorio, este informe poderá ser calificado negativamente.
- Se un alumno non pode asistir ás clases experimentais por motivos xustificadas, o docente poderá axudarlle coas prácticas en horas de recreo, previa solicitude por parte do alumno, pero nunca poderá recuperar durante o horario de clase, pois isto suporía un retraso para os seus compañeiros. É importante que recupere, pois a nota inflúe na nota de avaliación. Se non pode efectuar as prácticas, será avaliado teóricamente sobre os contidos traballados nas prácticas.
- Un alumno que deba saír do laboratorio por mal comportamento, terá un 0 nesa sesión de prácticas.
- Se nunha avaliación non foi posible efectuar prácticas de laboratorio ou proxectos, a porcentaxe correspondente sumarase á da proba escrita.

Considérase superada a avaliación se a nota, tras a ponderación entre as partes a) e b) é dun 5,00 ou maior.

Se a nota de avaliación non chega ao 5,00, a/as proba/s non superada/s da avaliación poderá/n ser recuperada/s a través de tarefas de reforzo ou dunha nova proba escrita, en función do que determine o docente.

Por cuestións de tempo, as probas non superadas na 3ª avaliación recuperaranse nun exame final por avaliacións, e as cuestións experimentais soamente poderán ser avaliadas a través de cuestións teóricas. Se o alumno/a ten as tres avaliacións suspensas, fará un exame de recuperación sobre os contidos de todo o curso.

Para obter a cualificación final de curso, efectuarase unha media das tres notas acadadas en cada unha das tres avaliacións. Para superar a materia será necesario acadar unha cualificación maior ou igual a 5,00 na avaliación ordinaria de xuño.

O alumnado que non supere a materia na terceira avaliación poderá realizar actividades de apoio e recuperación desde o 6 de xuño ata o 22 de xuño. O alumnado que superou a materia poderá realizar actividades de reforzo e ampliación para mellorar a calificación da materia.

## 5 ACTIVIDADES DE RECUPERACIÓN, PENDENTES E MÍNIMOS ESIXIBLES

Ao longo do curso, os alumnos que non acaden os mínimos esixibles para os EA de cada UD, poderán traballar estes EA con medidas de reforzo axeitadas a cada caso. O profesor facilitará explicacións e traballos adicionais que permitan unha mellor comprensión e desenvolvemento destes EA, adaptados a

cada alumno, e ofrecerá oportunidade de recuperación a través de probas escritas, tal como se explicou no epígrafe 4. Unha vez pasada a avaliación, as partes experimentais poderán ser avaliadas unicamente de xeito teórico.

Os alumnos que non superen a materia a final do curso, poderán realizar actividades de apoio e recuperación para superar a materia. Esta proba centrarase nos aspectos máis básicos dos traballados durante o curso e que se recollen máis abaixo neste mesmo epígrafe. Polas características deste exame, non será posible respectar as % asignadas ás UD indicadas con anterioridade.

### **ALUMNADO CON FÍSICA E QUÍMICA PENDENTE DE 2º ESO:**

Non hai alumnado en 3º ou 4º da ESO coa materia de 2º ESO pendente.

### **MÍNIMOS ESIXIBLES DE 2º ESO PARA A PROBA de XUÑO**

Para os alumnos coa materia pendente faremos actividades de recuperación correspondentes aos seguintes mínimos esixibles, extraídos do currículo de 2º de ESO – LOMLOE:

- Comprende as etapas do método científico.
- Establece a relación entre magnitudes e unidades. Emprega o SI de unidades.
- É quen de recoller ordeadamente datos experimentais en forma de gráficos e táboas.
- Describe o procedemento experimental para determinar a masa, o volume e a densidade dun sólido.
- Describe a utilidade dun material en función das súas propiedades específicas.
- Comprende a interpretación dos estados da materia segundo a TCM e a emprega para describir fenómenos cotiáns.
- Comprende unha gráfica de quecemento.
- Recoñece as leis dos gases ideais.
- Comprende as escalas termométricas.
- Deseña métodos de separación de mesturas.
- Distingue entre cambios físicos e químicos.
- Interpreta e representa esquematicamente unha reacción química.
- Coñece os problemas ambientais globais.
- Interpreta as gráficas espazo-tempo e velocidade-tempo para movementos sinxelos e recoñece os movementos uniformes e acelerados
- Calcula velocidades medias.
- Identifica forzas en situacións cotiáns.
- Coñece a utilidade do dinamómetro e en que principio se basea, puidendo recoller e interpretar datos de forza-alongamento en táboas e gráficas.
- Coñece a diferenza entre masa e peso.
- Coñece o principio de conservación da enerxía e identifica as súas interconversiones.

Terase en conta nesta convocatoria unicamente a nota do exame.

## **6 METODOLOXÍA**

Propoñeremos unha **metodoloxía activa e participativa**, na que se utilizarán unha **diversa tipoloxía de actividades** (de introdución-motivación, de coñecementos previos, de desenvolvemento –de

consolidación, funcionais ou de extrapolación, de investigación–, de reforzo, de recuperación, de ampliación/profundización, globais o finais). O noso enfoque metodolóxico axustarase aos seguintes parámetros:

- 1 Deseñaranse actividades de aprendizaxe integradas que permitan aos alumnos avanzar hacia os resultados de aprendizaxe de máis dunha competencia ao mesmo tempo.
- 2 Nas actividades de investigación, aquelas nas que o alumno participa na construción do coñecemento mediante a busca de información e tamén aquelas nas que se use o coñecemento para resolver unha situación ou un problema proposto, clasificaranse as actividades polo seu grao de dificultade (sinxelo-medio-difícil), para poder así dar mellor resposta á diversidade.
- 3 A acción docente promoverá que os alumnos sexan capaces de aplicar as aprendizaxes nunha diversidade de contextos.
- 4 Fomentarase a reflexión e investigación, así como a realización de tarefas que supoñan un reto e desafío intelectual para os alumnos.
- 5 Deseñaranse tarefas que supoñan o uso significativo da lectura, escritura, TIC e a expresión oral mediante debates e/ou presentacións orais.
- 6 A actividade de clase favorecerá o traballo individual, o traballo en equipo e o traballo cooperativo.
- 7 Procurarase seleccionar materiais e recursos didácticos diversos, variados, interactivos e accesibles, tanto no que se refire ao contido como ao soporte.
- 8 Faremos en 2ºESO especial fincapé no traballo experimental e fenomenolóxico, así como a rigorosidade na expresión, como iniciación ao método científico.

## 7 PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

A avaliación da materia de Física e Química ten como finalidade coñecer o grao de competencia acadado polos alumnos, tomando como referentes os criterios de avaliación, e os EA que os detallan. A avaliación dos alumnos farase mediante observación, tarefas e probas variadas que faciliten ao profesor e ao alumno o coñecemento do progreso na materia.

1. Realizarase unha **Avaliación inicial** ao comezo do curso escolar e, no seu caso, de cada Unidade Didáctica para determinar o grao de formación e interese do alumnado e así, posteriormente, adecuar os contidos ás características do grupo e dos alumnos de forma personalizada.
2. A **avaliación continua/formativa** levarase a cabo ao longo do desenvolvemento da programación. Realizarase a través de diversos instrumentos de avaliación que se especifican máis adiante. Culmina nunha avaliación final que conduce a unha única nota ao final de cada trimestre e a final de curso.

3. **Autoavaliación:** Valoración individual de cada un sobre o seu propio traballo. No caso das probas escritas, o profesor entregaraas corrixidas e corrixiranse na clase para que os alumnos completen os apartados que non realizaron no seu caderno.

4. **Coavaliación ou avaliación conxunta.** Trátase de que os propios alumnos corrixan o proceso educativo / formativo de eles mesmos e do profesor.

Os instrumentos que empregaremos serán os seguintes:

- **Observación diaria dos alumnos e alumnas a través do traballo na aula e caderno persoal.**  
*Tarefas clase/casa:*

Os alumnos e alumnas levarán todos os días a tarefa de revisar en casa o que se fixo na clase, resaltar o máis importante e anotar as dificultades, así como traer feitos algúns exercicios ou aprendidos algúns conceptos. Cada día haberá que comprobar que este traballo está feito, para que desenvolvan uns correctos hábitos de estudo.

<p><b>TAREFAS CLASE/ CASA</b></p> <p>-Haberá unha lista de control para rexistrar estes parámetros diarios.</p>	<p>Para avaliar o traballo de clase terase en conta:</p> <p>-Apuntes completos, incluídas as fotocopias ou material complementario que se proporcione ao alumnado..</p> <p>-Exercicios e problemas feitos e corrixidos.</p> <p>-Claridade e orde no caderno, como importante instrumento de estudo.</p>	<p>Este instrumento de avaliación permite coñecer o grao de desenvolvemento das competencias clave: CMCT, CPAA, CCL, CSC.</p>
---	---	---

- **Traballo experimental, simulacións, pequenas investigacións.**

Os alumnos e alumnas deberán realizar tarefas propostas polo profesor durante a clase/sesión experimental. Se se trata de traballos de laboratorio, ademáis, observaremos a súa destreza no traballo experimental e respecto ás normas de laboratorio e, sobre todo, a autonomía á hora de elixir o material necesario para unha tarefa proposta. Se estes se fan en grupo, traballarán, tamén, o labor de equipo. Procurarase formar grupos nos que se fomente o traballo cooperativo. Deberá ser valorada a execución destas tarefas a través dunha lista de control en dobre vertente: a súa corrección e, se hai error ou dúbidas, a actitude interesada dos alumnos nas súas preguntas para poder continuar a tarefa con autonomía.

As simulacións son un interesante instrumento de aprendizaxe, pois de xeito interactivo permiten a comprobación dos contidos traballados e o emprego das TIC.

Serán tamén valorados os pequenos traballos de investigación ou comentarios sobre textos de interese científico a través de exposición escrita ou oral na aula. Estes traballos indican como van desenvolvendo a súa capacidade de pescuda, síntese, e organización de información, o espírito crítico ante a mesma e tamén as expresións exposición oral e escrita.

<p><b>TRABALLO DE LABORATORIO /</b></p>	<p><u>No traballo de laboratorio debe avaliarse:</u> -Seguemento das pautas indicadas polo profesorado.</p>	<p>Este instrumento de avaliación permite coñecer o grao de</p>
---	---	---

<p><b>SIMULACIÓNS TRABALLOS</b></p> <p>-Entrégaseaos alumnos antes da realización da actividade (laboratorio ou simulación) un guión coas pautas a seguir e un informe con cuestións sobre o traballo a desenvolver que debe ser cuberto e entregado cada día no laboratorio ou aula de informática, ou ao rematar a actividade no caso de que se estableza un prazo de varias sesións para facelo.</p> <p>-Entrégasetamén unha rúbrica na que se informa ao alumnado dos aspectos que serán valorados na avaliación da actividade.</p>	<p>-Destreza no traballo experimental.</p> <p>-Autonomía na elección de material (depende do caso).</p> <p>-Actitude de traballo e respecto polo material e ás normas de seguridade.</p> <p>-Informe de laboratorio claro, ordeado, completo e correcto.</p> <p>-Respecto e cooperación no traballo en grupo.</p>	<p>desenvolvemento das competencias clave: CMCT, CPAA, CSC, SIE</p>
	<p><u>No traballo con simulacións avaliarase:</u></p> <p>-Seguemento das pautas indicadas polo profesorado.</p> <p>-Informe claro, ordeado, completo e rigoroso dende os puntos de vista científico e lingüístico.</p> <p>-Emprego de explicacións complementadas con linguaxe matemática.</p>	<p>Este instrumento de avaliación permite coñecer o grao de desenvolvemento das competencias clave: CMCT, CPAA, CD</p>
	<p><u>Nos traballos de investigación bibliográfica/comentarios de texto avaliarase:</u></p> <p>-Seguemento das pautas indicadas polo profesorado.</p> <p>-Autonomía no traballo e capacidade de investigación.</p> <p>-Claridade, orde e complexidade da información exposta.</p> <p>-Rigor dende os puntos de vista lingüístico e científico-matemático.</p> <p>-Orixinalidade dos contidos teóricos/experimentais/gráficos.</p> <p>-Aplicación dos coñecementos traballados na aula.</p> <p>-Argumentacións razoadas e críticas cando así se soliciten.</p> <p>-A selección das fontes de información empregadas.</p>	<p>Este instrumento de avaliación permite coñecer o grao de desenvolvemento das competencias clave: CMCT, CCL, CPAA, CEC, SIE</p>
	<p><u>Se se solicita exposición e presentación oral, avaliarase:</u></p> <p>-Seguemento das pautas indicadas polo profesorado.</p> <p>-Claridade e concreción na presentación dixital, no referente á estética e á presentación dos contidos.</p> <p>-Claridade na expresión oral.</p>	<p>Este instrumento de avaliación permite coñecer o grao de desenvolvemento das competencias clave: CMCT, CCL, CPAA.</p>

- **Probas escritas.**

Por suposto, a avaliación debe contar con probas escritas nas que os alumnos e alumnas poidan afrontar por si mesmos diversos problemas ou cuestións relacionados co traballo realizado. Faremos como mínimo dúas probas ao longo de cada trimestre, pois é moi importante observar e valorar a evolución dos rapaces e rapazas.

<p><b>PROBAS ESCRITAS</b></p>	<p><u>Cuestións teóricas. Valorarase a corrección nos seguintes puntos:</u></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Formular e describir ideas principais.</li> <li>- Empregar linguaxe apropiada e rigorosa (Fórmulas, termos, gráficas).</li> <li>- Relacionar conceptos.</li> <li>- Responder razoadamente con argumentacións completas.</li> </ul> <p><u>Cuestións prácticas, problemas:</u></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Presentar razoada e ordeadamente o fundamento polo que se empregan as fórmulas, leis, etc.</li> <li>- Razoamentos correctos.</li> <li>- Claridade e corrección nos cálculos, resultados e unidades (Prevalecerá o razoamento correcto sobre os cálculos numéricos).</li> </ul>	<p>Na propia proba indícase o valor numérico que se lle asigna a cada unha das cuestións propostas.</p> <p>Este instrumento de avaliación permite coñecer o grao de desenvolvemento das competencias clave: CMCT, CCL, CPAA.</p>
-------------------------------	---	--

## 8 PLAN DE REFORZO

Tendo en conta que física e química se dá por primeira vez en 2º de ESO, xa se comeza desde o máis básico, polo que neste curso non procede plan de reforzo.

## 9 ENSINO A DISTANCIA

En caso de ser preciso o ensino a distancia, este terá as mesmas unidades didácticas, temporalización, obxectivos, competencias clave así como estándares de aprendizaxe que non contemplan actividades a levar a cabo no laboratorio.

Tal e como se indica na Resolución do 10 de setembro, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan as medidas organizativas nos centros educativos como consecuencia da pandemia da covid-19 no caso de ter que levar a cabo o ensino a distancia, o alumnado deberá asistir ás clases virtuais no mesmo horario que no ensino presencial. A normativa recolle que se poderán ver diminuídas as clases de 50 min ata nun 40%, polo que, empezaremos 10 min máis tarde e acabaremos 10 min antes cada unha das sesións da materia.

En canto á **metodoloxía**, colgarase na aula virtual do centro, para cada unha das unidades didácticas que o requiran: apuntamentos, boletíns de exercicios, actividades do libro de texto, enlaces a páxinasweb e emprego de simulacións virtuais. As sesións serán impartidas por videoconferencia empregando as ferramentas que aporte a Consellaría de Educación.

No caso de haber alumnado que non poida seguir a ensinanza telemática, contactarase co equipo directivo para que este, á súa vez, contacte co concello a fin de que lle poidan enviar os apuntamentos, boletíns, etc.

Os **criterios de cualificación**, serán similares aos do ensino presencial, salvo que o % correspondente ás actividades de laboratorio será substituído por actividades relativas a simulacións correspondentes a ditas prácticas.

## V FÍSICA E QUÍMICA - 3º ESO

### 1 INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

### 2 OBXECTIVOS DA ESO

### 3 RELACIÓN ENTRE CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS CLAVE

### 4 SECUENCIACIÓN E TEMPORALIZACIÓN

### 5 METODOLOXÍA

### 6 PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

### 7 ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE, GRAO MÍNIMO PARA A CONSECUCIÓN DA MATERIA E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

### 8 CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

## 9 ACTIVIDADES DE RECUPERACIÓN DURANTE O CURSO

## 10 RECUPERACIÓN DE MATERIAS PENDENTES DE CURSOS ANTERIORES

## 11 PLAN DE REFORZO

## 12 ENSINO A DISTANCIA

### 1. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

No primeiro ciclo de ESO débense afianzar e ampliar os coñecementos que sobre as ciencias da natureza foron adquiridos polo alumnado na etapa de educación primaria. O enfoque co que se procura introducir os conceptos debe ser fundamentalmente fenomenolóxico; deste xeito, a materia preséntase como a explicación lóxica de todo aquilo ao que o alumnado está afeito e coñece. É importante sinalar que neste ciclo a materia de Física e Química en 3ºESO pode ter carácter terminal, polo que o seu obxectivo prioritario será o de contribuír á cimentación dunha cultura científica básica. Algúns dos alumnos non elixirán esta materia en 4ºESO, de xeito que este curso é fundamental para lograr unha formación científica que lles permita ser cidadáns críticos dentro dunha sociedade eminentemente tecnolóxica.

En 3ºESO complétase a parte formal sobre a estrutura da materia que se iniciou en 2ºESO co modelo cinético-molecular e que neste curso se ocupa do nivel subatómico. Tamén se afonda na comprensión da reacción química, que en 2ºESO se trata de maneira fundamentalmente fenomenolóxica. Ademais, os alumnos traballarán en aspectos básicos da física, na que se introducen se xeito moi básico e que na que se profundizará en 4ºESO.

En 3º de ESO, temos un grupo formado por 27 alumnos e ningún ten pendente a física e química de 2º ESO. Neste grupo temos 2 alumnos repetidores e unha alumna con discapacidade e á que se lle aplicou unha ACI.

### 2. OBXECTIVOS DA ESO

A educación secundaria obrigatoria contribuirá a desenvolver nos alumnos e nas alumnas as capacidades que lles permitan:

**a)** Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.

**b)** Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.

**c)** Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.

**d)** Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.

**e)** Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.

**f)** Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en materias, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia.

**g)** Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.

**h)** Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.

**i)** Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.

**l)** Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.

**m)** Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.

**n)** Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.

**ñ)** Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.

**o)** Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersoal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

### **3. RELACIÓN ENTRE CONTIDOS, CRITERIOS AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAJE E COMPETENCIAS CLAVE**

FÍSICA E QUÍMICA. 3º DE ESO				
OBXECTIVOS	CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	COMPETENCIAS CLAVE
<b>BLOQUE 1. A ACTIVIDADE CIENTÍFICA</b>				
f	B1.1. Método científico: etapas.	B1.1. Recoñecer e identificar as características do método científico.	FQB1.1.1. Formula hipóteses para explicar fenómenos cotiáns utilizando teorías e modelos científicos.	CAA CMCCT
h	B1.2. Utilización das tecnoloxías da información e da comunicación.		FQB1.1.2. Rexistra observacións, datos e resultados de maneira organizada e rigorosa, e comunicaos oralmente e por escrito, utilizando esquemas, gráficos, táboas e expresións matemáticas.	CCL CMCCT
f m	B1.3. Aplicacións da ciencia á vida cotiá e á sociedade.	B1.2. Valorar a investigación científica e o seu impacto na industria e no desenvolvemento da sociedade.	FQB1.2.1. Relaciona a investigación científica coas aplicacións tecnolóxicas na vida cotiá.	CAA CCEC CMCCT
F	B1.4. Medida de magnitudes. Sistema Internacional de Unidades. Notación científica.	B1.3. Aplicar os procedementos científicos para determinar magnitudes e expresar os resultados co erro correspondente.	FQB1.3.1. Establece relacións entre magnitudes e unidades, utilizando preferentemente o Sistema Internacional de Unidades e a notación científica para expresar os resultados correctamente.	CMCCT
	B1.5. Erros. B1.6. Traballo no laboratorio.		FQB1.3.2. Realiza medicións prácticas de magnitudes físicas da vida cotiá empregando o material e instrumentos apropiados, e expresa os resultados correctamente no Sistema Internacional de Unidades.	CAA CMCCT
F	B1.6. Traballo no laboratorio.	B1.4. Recoñecer os materiais e instrumentos básicos presentes no laboratorio de física e de química, e describir e respectar as normas de seguridade e de eliminación de residuos para a protección ambiental.	FQB1.4.1. Identifica material e instrumentos básicos de laboratorio e coñece a súa forma de utilización para a realización de experiencias, respectando as normas de seguridade e identificando actitudes e medidas de actuación preventivas.	CMCCT
e	B1.7. Procura e tratamento	B1.5. Interpretar a información sobre temas	FQB1.5.1. Selecciona, comprende e interpreta	CAA

f h i	de información. B1.2. Utilización das tecnoloxías da información e da comunicación.	científicos de carácter divulgativo que aparece en publicacións e medios de comunicación.	información salientable nun texto de divulgación científica, e transmite as conclusións obtidas utilizando a linguaxe oral e escrita con propiedade.	CCL CMCCT
	FQB1.5.2. Identifica as principais características ligadas á fiabilidade e á obxectividade do fluxo de información existente en internet e noutros medios dixitais.		CD CSC	
b e f g h i	B1.1. Método científico: etapas. B1.2. Utilización das tecnoloxías da información e da comunicación. B1.4. Medida de magnitudes. Sistema Internacional de Unidades. Notación científica. B1.5. Erros. B1.6. Traballo no laboratorio. B1.8. Proxecto de investigación.	B1.6. Desenvolver pequenos traballos de investigación en que se poña en práctica a aplicación do método científico e a utilización das TIC.	FQB1.6.1. Realiza pequenos traballos de investigación sobre algún tema obxecto de estudo aplicando o método científico, e utilizando as TIC para a procura e a selección de información e presentación de conclusións.	CAA CCL CD CMCCT CSIEE
	FQB1.6.2. Participa, valora, xestiona e respecta o traballo individual e en equipo.		CSIEE CSC	
<b>BLOQUE 2. A MATERIA</b>				
F	B2.1. Estrutura atómica. Modelos atómicos.	B2.1. Recoñecer que os modelos atómicos son instrumentos interpretativos de diferentes teorías e a necesidade da súa utilización para a interpretación e a comprensión da estrutura interna da materia.	FQB2.1.1. Representa o átomo, a partir do número atómico e o número másico, utilizando o modelo planetario.	CCEC CMCCT
			FQB2.1.2. Describe as características das partículas subatómicas básicas e a súa localización no átomo.	CMCCT
			FQB2.1.3. Relaciona a notación ${}^A_Z X$ co número atómico e o número másico, determinando o número de	CMCCT

			cada tipo de partículas subatómicas básicas.	
f m	B2.2. Isótopos. B2.3. Aplicacións dos isótopos.	B2.2. Analizar a utilidade científica e tecnolóxica dos isótopos radioactivos.	FQB2.2.1. Explica en que consiste un isótopo e comenta aplicacións dos isótopos radioactivos, a problemática dos residuos orixinados e as solucións para a súa xestión.	CMCCT CSC
f l	B2.4. Sistema periódico dos elementos.	B2.3. Interpretar a ordenación dos elementos na táboa periódica e recoñecer os máis relevantes a partir dos seus símbolos.	FQB2.3.1. Xustifica a actual ordenación dos elementos en grupos e períodos na táboa periódica. FQB2.3.2. Relaciona as principais propiedades de metais, non metais e gases nobres coa súa posición na táboa periódica e coa súa tendencia a formar ións, tomando como referencia o gas nobre máis próximo.	CMCCT CMCCT
F	B2.5. Unións entre átomos: moléculas e cristais. B2.6. Masas atómicas e moleculares.	B2.4. Describir como se unen os átomos para formar estruturas máis complexas e explicar as propiedades das agrupacións resultantes.	FQB2.4.1. Explica o proceso de formación dun ión a partir do átomo correspondente, utilizando a notación adecuada para a súa representación. FQB2.4.2. Explica como algúns átomos tenden a agruparse para formar moléculas interpretando este feito en substancias de uso frecuente, e calcula as súas masas moleculares.	CMCCT CMCCT
e f m o	B2.7. Elementos e compostos de especial interese con aplicacións industriais, tecnolóxicas e biomédicas.	B2.5. Diferenciar entre átomos e moléculas, e entre elementos e compostos en substancias de uso frecuente e coñecido.	FQB2.5.1. Recoñece os átomos e as moléculas que compoñen substancias de uso frecuente, e clasifícaa en elementos ou compostos, baseándose na súa fórmula química. FQB2.5.2. Presenta, utilizando as TIC, as propiedades e aplicacións dalgún elemento ou composto químico de especial interese a partir dunha procura guiada de información bibliográfica e dixital.	CMCCT CAA CCL CD CMCCT CSIEE

F	B2.8. Formulación e nomenclatura de compostos binarios seguindo as normas IUPAC.	B2.6. Formular e nomear compostos binarios seguindo as normas IUPAC.	FQB2.6.1. Utiliza a linguaxe química para nomear e formular compostos binarios seguindo as normas IUPAC.	CCL CMCCT
<b>BLOQUE 3. OS CAMBIOS</b>				
F	B3.1. Reacción química.	B3.1. Describir a nivel molecular o proceso polo que os reactivos se transforman en produtos, en termos da teoría de colisións.	FQB3.1.1. Representa e interpreta unha reacción química a partir da teoría atómico-molecular e a teoría de colisións.	CMCCT
b f	B3.2. Cálculos estequiométricos sinxelos.	B3.2. Deducir a lei de conservación da masa e recoñecer reactivos e produtos a través de experiencias sinxelas no laboratorio ou de simulacións dixitais.	FQB3.2.1. Recoñece os reactivos e os produtos a partir da representación de reaccións químicas sinxelas, e comproba experimentalmente que se cumpre a lei de conservación da masa.	CMCCT
	B3.3. Lei de conservación da masa.		FQB3.2.2. Realiza os cálculos estequiométricos necesarios para a verificación da lei de conservación da masa en reaccións químicas sinxelas.	CMCCT
F	B3.4. Velocidade de reacción.	B3.3. Comprobar mediante experiencias sinxelas de laboratorio a influencia de determinados factores na velocidade das reaccións químicas.	FQB3.3.1. Propón o desenvolvemento dun experimento sinxelo que permita comprobar o efecto da concentración dos reactivos na velocidade de formación dos produtos dunha reacción química, e xustifica este efecto en termos da teoría de colisións.	CMCCT
			FQB3.3.2. Interpreta situacións cotiás en que a temperatura inflúe significativamente na velocidade da reacción.	CMCCT
e f h m	B3.5. A química na sociedade e o ambiente.	B3.4. Valorar a importancia da industria química na sociedade e a súa influencia no ambiente.	FQB3.4.1. Describe o impacto ambiental do dióxido de carbono, os óxidos de xofre, os óxidos de nitróxeno e os CFC e outros gases de efecto invernadoiro, en relación cos problemas ambientais de ámbito global.	CMCCT CSC
			FQB3.4.2. Defende razoadamente a influencia que o desenvolvemento da industria química tivo no progreso da sociedade, a partir de fontes científicas de distinta procedencia.	CMCCT CSC
<b>BLOQUE 4. O MOVEMENTO E AS FORZAS</b>				

f	B4.1. Carga eléctrica.	B4.1. Coñecer os tipos de cargas eléctricas, o seu papel na constitución da materia e as características das forzas que se manifestan entre elas.	FQB4.1.1. Explica a relación entre as cargas eléctricas e a constitución da materia, e asocia a carga eléctrica dos corpos cun exceso ou defecto de electróns.	CMCCT
	B4.2. Forza eléctrica.		FQB4.1.2. Relaciona cualitativamente a forza eléctrica que existe entre dous corpos coa súa carga e a distancia que os separa, e establece analogías e diferenzas entre as forzas gravitatoria e eléctrica.	CCEC CMCCT
F	B4.1. Carga eléctrica.	B4.2. Interpretar fenómenos eléctricos mediante o modelo de carga eléctrica e valorar a importancia da electricidade na vida cotiá.	FQB4.2.1. Xustifica razoadamente situacións cotiás nas que se poñan de manifesto fenómenos relacionados coa electricidade estática.	CMCCT
b f g	B4.3. Imáns. Forza magnética.	B4.3. Xustificar cualitativamente fenómenos magnéticos e valorar a contribución do magnetismo no desenvolvemento tecnolóxico.	FQB4.3.1. Recoñece fenómenos magnéticos identificando o imán como fonte natural do magnetismo, e describe a súa acción sobre distintos tipos de substancias magnéticas.	CMCCT
			FQB4.3.2. Constrúe un compás elemental para localizar o norte empregando o campo magnético terrestre, e describe o procedemento seguido para facelo.	CMCCT CSIEE
F	B4.4. Electroimán.	B4.4. Comparar os tipos de imáns, analizar o seu comportamento e deducir mediante experiencias as características das forzas magnéticas postas de manifesto, así como a súa relación coa corrente eléctrica.	FQB4.4.1. Comproba e establece a relación entre o paso de corrente eléctrica e o magnetismo, construíndo un electroimán.	CMCCT
	B4.5. Experimentos de Oersted e Faraday.		FQB4.4.2. Reproduce os experimentos de Oersted e de Faraday no laboratorio ou mediante simuladores virtuais, deducindo que a electricidade e o magnetismo son dúas manifestacións dun mesmo fenómeno.	CD CMCCT
b e f g h	B4.6. Forzas da natureza.	B4.5. Recoñecer as forzas que aparecen na natureza e os fenómenos asociados a elas.	FQB4.5.1. Realiza un informe, empregando as TIC, a partir de observacións ou busca guiada de información que relacione as forzas que aparecen na natureza e os fenómenos asociados a elas.	CCL CD CMCCT CSIEE

## BLOQUE 5. ENERXÍA

e f g h m	B5.1. Fontes de enerxía.	B5.1. Identificar e comparar as fontes de enerxía empregadas na vida diaria nun contexto global que implique aspectos económicos e ambientais.	FQB5.1.1. Compara as principais fontes de enerxía de consumo humano a partir da distribución xeográfica dos seus recursos e os efectos ambientais.	CMCCT CSC
			FQB5.1.2. Analiza o predominio das fontes de enerxía convencionais fronte ás alternativas, e argumenta os motivos polos que estas últimas aínda non están suficientemente explotadas.	CCL CMCCT
f m	B5.2. Uso racional da enerxía.	B5.2. Valorar a importancia de realizar un consumo responsable das fontes enerxéticas.	FQB5.2.1. Interpreta datos comparativos sobre a evolución do consumo de enerxía mundial, e propón medidas que poidan contribuir ao aforro individual e colectivo.	CMCCT CSIEE
f h	B5.3. Electricidade e circuitos eléctricos. Lei de Ohm.	B5.3. Explicar o fenómeno físico da corrente eléctrica e interpretar o significado das magnitudes de intensidade de corrente, diferenza de potencial e resistencia, así como as relacións entre elas.	FQB5.3.1. Explica a corrente eléctrica como cargas en movemento a través dun condutor.	CMCCT
			FQB5.3.2. Comprende o significado das magnitudes eléctricas de intensidade de corrente, diferenza de potencial e resistencia, e relacións entre si empregando a lei de Ohm.	CMCCT
			FQB5.3.3. Distingue entre condutores e illantes, e reconece os principais materiais usados como tales.	CMCCT
b e f g	B5.4. Transformacións da enerxía.  B5.3. Electricidade e circuitos eléctricos. Lei de Ohm.	B5.4. Comprobar os efectos da electricidade e as relacións entre as magnitudes eléctricas mediante o deseño e a construción de circuitos eléctricos e electrónicos sinxelos, no laboratorio ou mediante aplicacións virtuais interactivas.	FQB5.4.1. Describe o fundamento dunha máquina eléctrica na que a electricidade se transforma en movemento, luz, son, calor, etc., mediante exemplos da vida cotiá, e identifica os seus elementos principais.	CMCCT
			FQB5.4.2. Constrúe circuitos eléctricos con diferentes tipos de conexións entre os seus elementos, deducindo de forma experimental as consecuencias da conexión de xeradores e receptores en serie ou en paralelo.	CAA CMCCT
			FQB5.4.3. Aplica a lei de Ohm a circuitos sinxelos para calcular unha das magnitudes involucradas a partir das outras dúas, e expresa o resultado en unidades do Sistema Internacional.	CMCCT

			FQB5.4.4. Utiliza aplicacións virtuais interactivas para simular circuitos e medir as magnitudes eléctricas.	CD CMCCT
F	B5.3. Electricidade e circuitos eléctricos. Lei de Ohm.  B5.5. Dispositivos electrónicos de uso frecuente.	B5.5. Valorar a importancia dos circuitos eléctricos e electrónicos nas instalacións eléctricas e instrumentos de uso cotián, describir a súa función básica e identificar os seus compoñentes.	FQB5.5.1. Asocia os elementos principais que forman a instalación eléctrica típica dunha vivenda cos compoñentes básicos dun circuito eléctrico.	CMCCT
			FQB5.5.2. Comprende o significado dos símbolos e das abreviaturas que aparecen nas etiquetas de dispositivos eléctricos.	CMCCT
			FQB5.5.3. Identifica e representa os compoñentes máis habituais nun circuito eléctrico (condutores, xeradores, receptores e elementos de control) e describe a súa correspondente función.	CMCCT
			FQB5.5.4. Recoñece os compoñentes electrónicos básicos e describe as súas aplicacións prácticas e a repercusión da miniaturización do microchip no tamaño e no prezo dos dispositivos.	CMCCT
f h	B5.6. Tipos de enerxía.  B5.4. Transformacións da enerxía.  B5.7. Aspectos industriais da enerxía.	B5.6. Describir a forma en que se xera a electricidade nos distintos tipos de centrais eléctricas, así como o seu transporte aos lugares de consumo.	FQB5.6.1. Describe o proceso polo que distintas fontes de enerxía se transforman en enerxía eléctrica nas centrais eléctricas, así como os métodos de transporte e almacenaxe desta.	CMCCT

#### 4. SECUENCIACIÓN E TEMPORALIZACIÓN:

1º AVALIACIÓN		
UNIDADES DIDÁCTICAS	SESIÓNS	PESO NO CURSO DOS EA POR UNIDADE
UD 1: O TRABALLO CIENTÍFICO	16	21%
UD 2: O ÁTOMO	12	12%
		<b>TOTAL: 33%</b>

2º AVALIACIÓN		
UNIDADES DIDÁCTICAS	SESIÓNS	PESO NO CURSO DOS EA POR UNIDADE
UD 3: ELEMENTOS E COMPOSTOS QUÍMICOS	10	14%
UD 4: REACCIÓNS QUÍMICAS. QUÍMICA, SOCIEDADE E MEDIOAMBIENTE	9	14%
UD 5: AS FORZAS. ELECTRICIDADE E MAGNETISMO	4	6% (continuaremos na 3ª aval.)
		<b>TOTAL: 34%</b>

3º AVALIACIÓN		
UNIDADES DIDÁCTICAS	SESIÓNS	PESO NO CURSO DOS EA POR UNIDADE
UD 5: AS FORZAS. ELECTRICIDADE E MAGNETISMO (CONT.)	8	12% (xa comezado na 2ª aval)
UD 6: FONTES DE ENERXÍA. ENERXÍA ELÉCTRICA	12	21%
		<b>TOTAL: 33%</b>

\*As porcentaxes son aproximadas. Asimesmo, se non se pode traballar toda a programación, modificaranse convenientemente estas porcentaxes.

## 5. METODOLOXÍA

Propoñeremos unha **metodoloxía activa e participativa**, na que se utilizarán unha **diversa tipoloxía de actividades** (de introdución-motivación, de coñecementos previos, de desenvolvemento –de consolidación, funcionais ou de extrapolación, de investigación–, de reforzo, de recuperación, de ampliación/profundización, globais o finais). O noso enfoque metodolóxico axustarase aos seguintes parámetros:

- 1 Deseñaranse actividades de aprendizaxe integradas que permitan aos alumnos avanzar hacia os resultados de aprendizaxe de máis dunha competencia ao mesmo tempo.
- 2 Nas actividades de investigación, aquelas nas que o alumno participa na construción do coñecemento mediante a busca de información e tamén aquelas nas que se use o coñecemento para resolver unha situación ou un problema proposto, clasifícanse as actividades polo seu grao de dificultade (sinxelo-medio-difícil), para poder así dar mellor resposta á diversidade.
- 3 A acción docente promoverá que os alumnos sexan capaces de aplicar as aprendizaxes nunha diversidade de contextos.
- 4 Fomentarase a reflexión e investigación, así como a realización de tarefas que supoñan un reto e desafío intelectual para os alumnos.
- 5 Deseñaranse tarefas que supoñan o uso significativo da lectura, escritura, TIC e a expresión oral mediante debates e/ou presentacións orais.
- 6 A actividade de clase favorecerá o traballo individual, o traballo en equipo e o traballo cooperativo.
- 7 Procurarase seleccionar materiais e recursos didácticos diversos, variados, interactivos e accesibles, tanto no que se refire ao contido como ao soporte.
- 8 Faremos en 3ºESO especial fincapé no traballo experimental e na mellora na expresión oral e escrita sobre conceptos abstractos. Tamén será importante a rigorosidade nos cálculos en química (determinación de erros, cálculo de masas atómicas y moleculares, estequiometría...).

## 6. ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE, GRAO MÍNIMO PARA A CONSECUCIÓN DA MATERIA E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

Nas seguintes táboas expóñense os Estándares de aprendizaxe ordeados por Unidades Didácticas, tal como aparecen no epígrafe correspondiente de 3º ESO. As competencias clave e obxectivos corresponden coas establecidas no Decreto 86/2015 do 25 de xuño ( DOG 29/6/2015):

Cada UD está constituída por unha selección de EA. Algúns destes EA aparecen agrupados, pois a pedagogía da materia esixe que sexan avaliados conxuntamente.

**UNIDADE 1: O TRABALLO CIENTÍFICO**

**CONTIDOS:**

Método científico: etapas.  
 Utilización das tecnoloxías da información e da comunicación.  
 Aplicacións da ciencia á vida cotiá e á sociedade  
 Medida de magnitudes. Sistema Internacional de Unidades. Notación científica.  
 Erros  
 Traballo no laboratorio.  
 Procura e tratamento de información.  
 Proxecto de investigación.

**UNIDADE 1: O TRABALLO CIENTÍFICO**

OBXECTIVOS	COMP. CLAVE	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	AV	GRAO MÍNIMO PARA A SUPERACIÓN DA MATERIA	INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN		
					Proba escrita	Traballo de lab. e/ou sobre simul.	Observ. aula/traballo individual/Proxecto
f,h	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CMCCT</li> </ul>	FQB1.1.1. Formula hipóteses para explicar fenómenos cotiáns utilizando teorías e modelos científicos.	1ª	FQB1.1.1. Formula hipóteses para explicar fenómenos cotiáns utilizando teorías e modelos científicos.	X		X
e,f,h,i	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CMCCT</li> </ul>	FQB1.5.1. Selecciona, comprende e interpreta información salientable nun texto de divulgación científica, e transmite as conclusións obtidas utilizando a linguaxe oral e escrita con propiedade.	1ª	FQB1.5.1. Comprende información salientable nun texto de divulgación científica, e transmite as conclusións obtidas utilizando a linguaxe escrita con propiedade.	X		X
f,m	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCEC</li> </ul>	FQB1.2.1. Relaciona a investigación	1ª	FQB1.2.1. Relaciona a investigación científica coas			

	<ul style="list-style-type: none"> <li>CMCCT</li> </ul>	científica coas aplicacións tecnolóxicas na vida cotiá.		aplicacións tecnolóxicas na vida cotiá.			
f,h	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCL</li> <li>CMCCT</li> </ul>	FQB1.1.2. Rexistra observacións, datos e resultados de maneira organizada e rigorosa, e comunicaos oralmente e por escrito, utilizando esquemas, gráficos, táboas e expresións matemáticas.	1ª	FQB1.1.2. Rexistra observacións, datos e resultados de maneira organizada, e comunicaos por escrito, utilizando esquemas, gráficos, táboas e expresións matemáticas.	X	X	X
F	<ul style="list-style-type: none"> <li>CMCCT</li> </ul>	FQB1.4.1. Identifica material e instrumentos básicos de laboratorio e coñece a súa forma de utilización para a realización de experiencias, respectando as normas de seguridade e identificando actitudes e medidas de actuación preventivas.	1ª	FQB1.4.1. Identifica material e instrumentos básicos de laboratorio e coñece a súa forma de utilización para a realización de experiencias, respectando as normas de seguridade.			
F	<ul style="list-style-type: none"> <li>CAA</li> <li>CMCCT</li> </ul>	FQB1.3.2. Realiza medicións prácticas de magnitudes físicas da vida cotiá empregando o material e instrumentos apropiados, e expresa os resultados correctamente no Sistema Internacional de Unidades	1ª	FQB1.3.2. Realiza medicións prácticas de magnitudes físicas da vida cotiá empregando o material e instrumentos apropiados, e expresa os resultados correctamente no Sistema Internacional de Unidades			X
b,e,f,g,h,i	<ul style="list-style-type: none"> <li>CAA</li> <li>CCL</li> <li>CD</li> <li>CMCCT</li> <li>CSIEE</li> </ul>	FQB1.6.1. Realiza pequenos traballos de investigación sobre algún tema obxecto de estudo aplicando o método científico, e utilizando as TIC para a procura e a selección de información e presentación de conclusións	1ª	FQB1.6.1. Realiza pequenos traballos de investigación sobre algún tema obxecto de estudo aplicando o método científico, e utilizando as TIC para a procura e a selección de información e presentación de conclusións			
b,e,f,g,h,i	<ul style="list-style-type: none"> <li>CSIEE</li> <li>CSC</li> </ul>	FQB1.6.2. Participa, valora, xestiona e respecta o traballo individual e en equipo.	1ª	FQB1.6.2. Participa e respecta o traballo individual e en equipo.			
F	<ul style="list-style-type: none"> <li>CMCCT</li> </ul>	FQB1.3.1. Establece relacións entre magnitudes e unidades, utilizando preferentemente o Sistema Internacional de Unidades e a notación científica para expresar os resultados correctamente.	1ª	FQB1.3.1. Establece relacións entre magnitudes e unidades, utilizando preferentemente o Sistema Internacional de Unidades e a notación científica para expresar os resultados correctamente.	X		X
e,f,h,i	<ul style="list-style-type: none"> <li>CD</li> <li>CSC</li> </ul>	FQB1.5.2. Identifica as principais características ligadas á fiabilidade e á	1ª	FQB1.5.2. Identifica as principais características ligadas á fiabilidade e á obxectividade do fluxo de		X	

		obxectividade do fluxo de información existente en internet e noutros medios dixitais.		información existente en internet e noutros medios dixitais.			
--	--	--	--	--	--	--	--

## UNIDADE 2: O ÁTOMO

### CONTIDOS:

Estrutura atómica. Modelos atómicos.  
 Isótopos  
 Aplicacións dos isótopos  
 Sistema periódico dos elementos.

## UNIDADE 2: O ÁTOMO

OBXECTIVOS	COMP. CLAVE	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	AV	GRAO MÍNIMO PARA A SUPERACIÓN DA MATERIA	INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN		
					Proba escrita	Traballo de lab. e/ou sobre simul.	Observ. aula/traballo individual/Proxecto 1
F	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCEC</li> <li>▪ CMCCT</li> </ul>	FQB2.1.1. Representa o átomo, a partir do número atómico e o número másico, utilizando o modelo planetario.	1ª	FQB2.1.1. Representa o átomo, a partir do número atómico e o número másico, utilizando o modelo planetario.	X		X
F	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> </ul>	FQB2.1.2. Describe as características das partículas subatómicas básicas e a súa localización no átomo.	1ª	FQB2.1.2. Describe as características das partículas subatómicas básicas e a súa localización no átomo.	X		X

F	<ul style="list-style-type: none"> <li>CMCCT</li> </ul>	FQB2.1.3. Relaciona a notación ${}^A_Z X$ co número atómico e o número másico, determinando o número de cada tipo de partículas subatómicas básicas.	1ª	FQB2.1.3. Relaciona a notación ${}^A_Z X$ co número atómico e o número másico, determinando o número de cada tipo de partículas subatómicas básicas.	X		X
f,m	<ul style="list-style-type: none"> <li>CMCCT</li> <li>CSC</li> </ul>	FQB2.2.1. Explica en que consiste un isótopo e comenta aplicacións dos isótopos radioactivos, a problemática dos residuos orixinados e as solucións para a súa xestión.	1ª	FQB2.2.1. Explica en que consiste un isótopo e comenta aplicacións dos isótopos radioactivos, a problemática dos residuos orixinados e as solucións para a súa xestión.	X		X
f,l	<ul style="list-style-type: none"> <li>CMCCT</li> </ul>	FQB2.3.1. Xustifica a actual ordenación dos elementos en grupos e períodos na táboa periódica.	1ª	FQB2.3.1. Xustifica a actual ordenación dos elementos en grupos e períodos na táboa periódica.	X		X
f,l	<ul style="list-style-type: none"> <li>CMCCT</li> </ul>	FQB2.3.2. Relaciona as principais propiedades de metais, non metais e gases nobres coa súa posición na táboa periódica e coa súa tendencia a formar ións, tomando como referencia o gas nobre máis próximo.	1ª	FQB2.3.2. Relaciona as principais propiedades de metais, non metais e gases nobres coa súa posición na táboa periódica e coa súa tendencia a formar ións, tomando como referencia o gas nobre máis próximo.	X		X
F	<ul style="list-style-type: none"> <li>CMCCT</li> </ul>	FQB2.4.1. Explica o proceso de formación dun ión a partir do átomo correspondente, utilizando a notación adecuada para a súa representación.	1ª	FQB2.4.1. Explica o proceso de formación dun ión a partir do átomo correspondente, utilizando a notación adecuada para a súa representación.	X		X

### UNIDADE 3: ELEMENTOS E COMPOSTOS QUÍMICOS

#### CONTIDOS:

Unións entre átomos: moléculas e cristais.

Masas atómicas e moleculares.

Elementos e compostos de especial interese con aplicacións industriais, tecnolóxicas e biomédicas

Formulación e nomenclatura de compostos binarios seguindo as normas IUPAC.

**UNIDADE 3: ELEMENTOS E COMPOSTOS QUÍMICOS**

OBXECTIVOS	COMP. CLAVE	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	AV	GRAO MÍNIMO PARA A SUPERACIÓN DA MATERIA	INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN		
					Proba escrita	Traballo de lab. e/ou sobre simul.	Observ. aula/Traballo individual/Proxecto
f	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> </ul>	FQB2.4.2. Explica como algúns átomos tenden a agruparse para formar moléculas interpretando este feito en substancias de uso frecuente, e calcula as súas masas moleculares.	1ª	FQB2.4.2. Explica como algúns átomos tenden a agruparse para formar moléculas e calcula as súas masas moleculares.	X		X
e,f,m,o	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> </ul>	FQB2.5.1. Recoñece os átomos e as moléculas que compoñen substancias de uso frecuente, e clasificaas en elementos ou compostos, baseándose na súa fórmula química.	1ª	FQB2.5.1. Clasifica as substancias en elementos ou compostos, baseándose na súa fórmula química. Recoñece substancias de uso frecuente.	X		X
f	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CMCCT</li> </ul>	FQB2.6.1. Utiliza a linguaxe química para nomear e formular compostos binarios seguindo as normas IUPAC.	1ª	FQB2.6.1. Utiliza a linguaxe química para nomear e formular compostos binarios seguindo as normas IUPAC.	X		X
e,f,m,o	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CD</li> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CSIEE</li> </ul>	FQB2.5.2. Presenta, utilizando as TIC, as propiedades e aplicacións dalgún elemento ou composto químico de especial interese a partir dunha procura guiada de información bibliográfica e dixital.	1ª	FQB2.5.2. Presenta, utilizando as TIC, as propiedades e aplicacións dalgún elemento ou composto químico de especial interese a partir dunha procura guiada de información bibliográfica e dixital.	X		X TRABALLO

**UNIDADE 4: REACCIÓNS QUÍMICAS. QUÍMICA, SOCIEDADE E MEDIOAMBIENTE**

**CONTIDOS:**

Reacción química.  
 Cálculos estequiométricos sinxelos.  
 Lei de conservación da masa.  
 Velocidade de reacción  
 A química na sociedade e o ambiente.

**UNIDADE 4: REACCIÓNS QUÍMICAS. QUÍMICA, SOCIEDADE E MEDIOAMBIENTE**

OBXECTIVOS	COMP. CLAVE	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	AV	GRAO MÍNIMO PARA A SUPERACIÓN DA MATERIA	INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN		
					Proba escrita	Traballo de lab. e/ou sobre simul.	Observ. aula/Traballo individual/Proxecto
f	▪ CMCCT	FQB3.1.1. Representa e interpreta unha reacción química a partir da teoría atómico-molecular e a teoría de colisións.	2ª	FQB3.1.1. Interpreta unha reacción química a partir da teoría atómico-molecular e a teoría de colisións.	X		X
b,f	▪ CMCCT	FQB3.2.1. Recoñece os reactivos e os produtos a partir da representación de reaccións químicas sinxelas, e comproba experimentalmente que se cumpre a lei de conservación da masa.	2ª	FQB3.2.1. Recoñece os reactivos e os produtos a partir da representación de reaccións químicas sinxelas, e comproba que se cumpre a lei de conservación da masa.	X		X
b,f	▪ CMCCT	FQB3.2.2. Realiza os cálculos estequiométricos necesarios para a verificación da lei de conservación da masa en reaccións químicas sinxelas.	2ª	FQB3.2.2. Realiza os cálculos estequiométricos necesarios para a verificación da lei de conservación da masa en reaccións químicas sinxelas.			
f	▪ CMCCT	FQB3.3.1. Propón o desenvolvemento dun experimento sinxelo que permita comprobar o efecto da concentración dos reactivos na velocidade de formación dos produtos dunha reacción química, e xustifica este efecto en termos da teoría de colisións.	2ª	FQB3.3.1. Propón o desenvolvemento dun experimento sinxelo que permita comprobar o efecto da concentración dos reactivos na velocidade de formación dos produtos dunha reacción química, e xustifica este efecto en termos da teoría de colisións.	X	X	X
f	▪ CMCCT	FQB3.3.2. Interpreta situacións cotiás en que a temperatura inflúa significativamente na	2ª	FQB3.3.2. Interpreta situacións cotiás en que a temperatura inflúa significativamente na velocidade da			

		velocidade da reacción.		reacción.			
e,f,h,m	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CSC</li> </ul>	FQB3.4.1. Describe o impacto ambiental do dióxido de carbono, os óxidos de xofre, os óxidos de nitróxeno e os CFC e outros gases de efecto invernadoiro, en relación cos problemas ambientais de ámbito global.	2ª	FQB3.4.1. Describe o impacto ambiental do dióxido de carbono, os óxidos de xofre, os óxidos de nitróxeno e os CFC e outros gases de efecto invernadoiro, en relación cos problemas ambientais de ámbito global.	X		X TRABALLO
e,f,h,m	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CSC</li> </ul>	FQB3.4.2. Defende razoadamente a influencia que o desenvolvemento da industria química tivo no progreso da sociedade, a partir de fontes científicas de distinta procedencia.	2ª	FQB3.4.2. Defende razoadamente a influencia que o desenvolvemento da industria química tivo no progreso da sociedade, a partir de fontes científicas de distinta procedencia.			

### UNIDADE 5: AS FORZAS

#### CONTIDOS:

Carga eléctrica.  
 Forza eléctrica.  
 Imáns. Forza magnética.  
 Electroimáns.  
 Experimentos de Oersted e Faraday.  
 Forzas da natureza.

### UNIDADE 5: AS FORZAS

OBXECTIVOS	COMP. CLAVE	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	AV	GRAO MÍNIMO PARA A SUPERACIÓN DA MATERIA	INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN		
					Proba escrita	Traballo de lab. e/ou sobre simul.	Observ. aula/Traballo individual/Proxecto
f	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> </ul>	FQB4.1.1. Explica a relación entre as cargas eléctricas e a constitución da materia, e asocia a carga eléctrica dos corpos cun	3ª	FQB4.1.1. Explica a relación entre as cargas eléctricas e a constitución da materia, e asocia a carga eléctrica dos corpos cun exceso ou defecto de	X		X

		exceso ou defecto de electróns.		electróns.			
f	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCEC</li> <li>▪ CMCCT</li> </ul>	FQB4.1.2. Relaciona cualitativamente a forza eléctrica que existe entre dous corpos coa súa carga e a distancia que os separa, e establece analoxías e diferenzas entre as forzas gravitatoria e eléctrica.	3ª	FQB4.1.2. Relaciona cualitativamente a forza eléctrica que existe entre dous corpos coa súa carga e a distancia que os separa, e establece analoxías e diferenzas entre as forzas gravitatoria e eléctrica.			
f	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> </ul>	FQB4.2.1. Xustifica razoadamente situacións cotiás nas que se poñan de manifesto fenómenos relacionados coa electricidade estática.	3ª	FQB4.2.1. Identifica situacións cotiás nas que se poñan de manifesto fenómenos relacionados coa electricidade estática.			
b,f,g	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> </ul>	FQB4.3.1. Recoñece fenómenos magnéticos identificando o imán como fonte natural do magnetismo, e describe a súa acción sobre distintos tipos de substancias magnéticas.	3ª	FQB4.3.1. Recoñece fenómenos magnéticos identificando o imán como fonte natural do magnetismo.	X		X
b,f,g	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CSIEE</li> </ul>	FQB4.3.2. Constrúe un compás elemental para localizar o norte empregando o campo magnético terrestre, e describe o procedemento seguido para facelo.	3ª	FQB4.3.2. Describe e comprende o procedemento necesario para localizar o norte empregando un compás elemental.			
f	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> </ul>	FQB4.4.1. Comproba e establece a relación entre o paso de corrente eléctrica e o magnetismo, construíndo un electroimán.	3ª	FQB4.4.1. Comproba a relación entre o paso de corrente eléctrica e o magnetismo, construíndo un electroimán.			
f	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CD</li> <li>▪ CMCCT</li> </ul>	FQB4.4.2. Reproduce os experimentos de Oersted e de Faraday no laboratorio ou mediante simuladores virtuais, deducindo que a electricidade e o magnetismo son dúas manifestacións dun mesmo fenómeno.	3ª	FQB4.4.2. Reproduce os experimentos de Oersted e de Faraday no laboratorio ou mediante simuladores virtuais, deducindo que a electricidade e o magnetismo son dúas manifestacións dun mesmo fenómeno.	X	X	X
b,e,f,g,h	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CD</li> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CSIEE</li> </ul>	FQB4.5.1. Realiza un informe, empregando as TIC, a partir de observacións ou busca guiada de información que relacione as forzas que aparecen na natureza e os fenómenos asociados a elas.	3ª	FQB4.5.1. Realiza un informe, empregando as TIC, a partir de observacións ou busca guiada de información que relacione as forzas que aparecen na natureza e os fenómenos asociados a elas.			

**UNIDADE 6: FONTES DE ENERXÍA. ENERXÍA ELÉCTRICA**

**CONTIDOS:**

Tipos de enerxía.  
 Transformacións da enerxía.  
 Fontes de enerxía.  
 Uso racional da enerxía.  
 Electricidade e circuitos eléctricos. Lei de Ohm.  
 Dispositivos electrónicos de uso frecuente.  
 Aspectos industriais da enerxía

**UNIDADE 6: FONTES DE ENERXÍA. ENERXÍA ELÉCTRICA**

OBXECTIVOS	COMP. CLAVE	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	AV	GRAO MÍNIMO PARA A SUPERACIÓN DA MATERIA	INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN		
					Proba escrita	Traballo de lab. e/ou sobre simul.	Observ. aula/Traballo individual/Proxecto
e,f,g,h,m	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CSC</li> </ul>	FQB5.1.1. Compara as principais fontes de enerxía de consumo humano a partir da distribución xeográfica dos seus recursos e os efectos ambientais.	3ª	FQB5.1.1. Relaciona as principais fontes de enerxía de consumo humano coa súa distribución xeográfica			
e,f,g,h,m	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CMCCT</li> </ul>	FQB5.1.2. Analiza o predominio das fontes de enerxía convencionais fronte ás alternativas, e argumenta os motivos polos que estas últimas aínda non están suficientemente explotadas.	3ª	FQB5.1.2. Argumenta os motivos polos que as fontes de enerxía alternativas aínda non están suficientemente explotadas.	X		X TRABALLO
f,m	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CSIEE</li> </ul>	FQB5.2.1. Interpreta datos comparativos sobre a evolución do consumo de enerxía mundial, e propón medidas que poidan contribuír ao aforro individual e colectivo.	3ª	FQB5.2.1. A partir dos datos comparativos sobre a evolución do consumo de enerxía mundial, propón medidas que poidan contribuír ao aforro individual e colectivo.			

f,h	<ul style="list-style-type: none"> <li>CMCCT</li> </ul>	FQB5.3.1. Explica a corrente eléctrica como cargas en movemento a través dun condutor.	3ª	FQB5.3.1. Explica a corrente eléctrica como cargas en movemento a través dun condutor.			
f,h	<ul style="list-style-type: none"> <li>CMCCT</li> </ul>	FQB5.3.2. Comprende o significado das magnitudes eléctricas de intensidade de corrente, diferenza de potencial e resistencia, e relacións entre si empregando a lei de Ohm.	3ª	FQB5.3.2. Comprende o significado das magnitudes eléctricas de intensidade de corrente, diferenza de potencial e resistencia, e relacións entre si empregando a lei de Ohm.	X		X
b,e,f,g	<ul style="list-style-type: none"> <li>CMCCT</li> </ul>	FQB5.4.3. Aplica a lei de Ohm a circuitos sinxelos para calcular unha das magnitudes involucradas a partir das outras dúas, e expresa o resultado en unidades do Sistema Internacional.	3ª	FQB5.4.3. Aplica a lei de Ohm a circuitos sinxelos para calcular unha das magnitudes involucradas a partir das outras dúas, e expresa o resultado en unidades do Sistema Internacional.			
f	<ul style="list-style-type: none"> <li>CMCCT</li> </ul>	FQB5.5.3. Identifica e representa os compoñentes máis habituais nun circuito eléctrico (condutores, xeradores, receptores e elementos de control) e describe a súa correspondente función.	3ª	FQB5.5.3. Identifica e representa os compoñentes máis habituais nun circuito eléctrico (condutores, xeradores, receptores e elementos de control) e describe a súa correspondente función.			
f,h	<ul style="list-style-type: none"> <li>CMCCT</li> </ul>	FQB5.3.3. Distingue entre condutores e illantes, e recoñece os principais materiais usados como tales.	3ª	FQB5.3.3. Distingue entre condutores e illantes, e recoñece os principais materiais usados como tales.	X		X
b,e,f,g	<ul style="list-style-type: none"> <li>CMCCT</li> </ul>	FQB5.4.1. Describe o fundamento dunha máquina eléctrica na que a electricidade se transforma en movemento, luz, son, calor, etc., mediante exemplos da vida cotiá, e identifica os seus elementos principais.	3ª	FQB5.4.1. Recoñece as máquinas eléctricas cotiás que funcionan con movemento, luz, son, calor, etc., e identifica os seus elementos principais.	X		X
b,e,f,g	<ul style="list-style-type: none"> <li>CAA</li> <li>CMCCT</li> </ul>	FQB5.4.2. Constrúe circuitos eléctricos con diferentes tipos de conexións entre os seus elementos, deducindo de forma experimental as consecuencias da conexión de xeradores e receptores en serie ou en paralelo.	3ª	FQB5.4.2. Constrúe circuitos eléctricos con diferentes tipos de conexións entre os seus elementos. Observa as consecuencias da conexión de xeradores e receptores en serie ou en paralelo.	X	X	X
b,e,f,g	<ul style="list-style-type: none"> <li>CD</li> <li>CMCCT</li> </ul>	FQB5.4.4. Utiliza aplicacións virtuais interactivas para simular circuitos e medir as magnitudes eléctricas.	3ª	FQB5.4.4. Utiliza aplicacións virtuais interactivas para simular circuitos e medir as magnitudes eléctricas.			

f	▪ CMCCT	FQB5.5.1. Asocia os elementos principais que forman a instalación eléctrica típica dunha vivenda cos compoñentes básicos dun circuíto eléctrico.	3ª	FQB5.5.1. Asocia os elementos principais que forman a instalación eléctrica típica dunha vivenda cos compoñentes básicos dun circuíto eléctrico.			
f	▪ CMCCT	FQB5.5.2. Comprende o significado dos símbolos e das abreviaturas que aparecen nas etiquetas de dispositivos eléctricos.	3ª	FQB5.5.2. Comprende o significado dos símbolos e das abreviaturas que aparecen nas etiquetas de dispositivos eléctricos.			
f	▪ CMCCT	FQB5.5.4. Recoñece os compoñentes electrónicos básicos e describe as súas aplicacións prácticas e a repercusión da miniaturización do microchip no tamaño e no prezo dos dispositivos.	3ª	FQB5.5.4. Recoñece os compoñentes electrónicos básicos.	X		X
f,h	▪ CMCCT	FQB5.6.1. Describe o proceso polo que distintas fontes de enerxía se transforman en enerxía eléctrica nas centrais eléctricas, así como os métodos de transporte e almacenaxe desta.	3ª	FQB5.6.1. Describe o proceso polo que distintas fontes de enerxía se transforman en enerxía eléctrica nas centrais eléctricas, así como os métodos de transporte e almacenaxe desta.	X	X	X

## 7. PROCEDIMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

A avaliación da materia de Física e Química ten como finalidade coñecer o grao de competencia acadado polos alumnos, tomando como referentes os criterios de avaliación, e os EA que os detallan. A avaliación dos alumnos farase mediante observación, tarefas e probas variadas que faciliten ao profesor e ao alumno o coñecemento do progreso na materia.

1. Realizarase unha **Avaliación inicial** ao comezo do curso escolar e, no seu caso, de cada Unidade Didáctica para determinar o grao de formación e interese do alumnado e así, posteriormente, adecuar os contidos ás características do grupo e dos alumnos de forma personalizada.
2. A **avaliación continua/formativa** levarase a cabo ao longo do desenvolvemento da programación. Realizarase a través de diversos instrumentos de avaliación que se especifican máis adiante. Culmina nunha avaliación final que conduce a unha única nota ao final de cada trimestre e a final de curso.
3. **Autoavaliación**: Valoración individual de cada un sobre o seu propio traballo. No caso das probas escritas, o profesor entregaraas corrixidas e corrixiranse na clase para que os alumnos completen os apartados que non realizaron no seu caderno.
4. **Coavaliación ou avaliación conxunta**. Trátase de que os propios alumnos corrixan o proceso educativo / formativo de eles mesmos e do profesor.

Os instrumentos que empregaremos serán os seguintes:

- **Observación diaria dos alumnos e alumnas a través do traballo na aula e caderno persoal.**  
**Tarefas clase/casa:**

-Os alumnos e alumnas levarán todos os días a tarefa de revisar en casa o que se fixo na clase, resaltar o máis importante e anotar as dificultades, así como traer feitos algúns exercicios ou aprendidos algúns conceptos. Cada día haberá que comprobar que este traballo está feito, para que desenvolvan uns correctos hábitos de estudo.

<b>TAREFAS CLASE/ CASA</b>	Para avaliar o traballo de clase terase en conta:  -Apuntes completos, incluídas as fotocopias ou material complementario que se proporcione ao alumnado..  -Exercicios e problemas feitos e corrixidos.  -Claridade e orde no caderno, como importante instrumento de estudo.	Este instrumento de avaliación permite coñecer o grao de desenvolvemento das competencias clave: CMCT, CPAA, CCL, CSC.
-Haberá unha lista de control para rexistrar estes parámetros diarios.		

- **Traballo experimental, simulacións, pequenas investigacións.**

-Os alumnos e alumnas deberán realizar tarefas propostas polo profesor durante a clase/sesión experimental. Se se trata de traballos de laboratorio, ademais, observaremos a súa destreza no traballo experimental e respecto ás normas de laboratorio e, sobre todo, a autonomía á hora de elixir o material necesario para unha tarefa proposta. Se estes se fan en grupo, traballarán, tamén, o labor de equipo. Procurarase formar grupos nos que se fomente o traballo cooperativo. Deberá ser valorada a execución destas tarefas a través dunha lista de control en dobre vertente: a súa corrección e, se hai error ou dúbidas, a actitude interesada dos alumnos nas súas preguntas para poder continuar a tarefa con autonomía.

As simulacións son un interesante instrumento de aprendizaxe, pois de xeito interactivo permiten a comprobación dos contidos traballados e o emprego das TIC.

Serán tamén valorados os pequenos traballos de investigación ou comentarios sobre textos de interese científico a través de exposición escrita ou oral na aula. Estes traballos indican como van desenvolvendo a súa capacidade de pescuda, síntese, e organización de información, o espírito crítico ante a mesma e tamén as expresións exposición oral e escrita.

<p><b>TRABALLO DE LABORATORIO / SIMULACIÓNS TRABALLOS</b></p> <p>-Entrégaseos alumnos antes da realización da actividade (laboratorio ou simulación) un guión coas pautas a seguir e un informe con cuestións sobre o traballo a desenvolver que debe ser cuberto e entregado cada día no laboratorio ou aula de informática, ou ao rematar a actividade no caso de que se estableza un prazo de varias sesións para facelo.</p> <p>-Entrégasetamén unha rúbrica na que se informa ao alumnado dos aspectos que serán valorados na avaliación da actividade.</p>	<p><u>No traballo de laboratorio debe avaliarse:</u></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>-Seguemento das pautas indicadas polo profesorado.</li> <li>-Destreza no traballo experimental.</li> <li>-Autonomía na elección de material (depende do caso).</li> <li>-Actitude de traballo e respecto polo material e ás normas de seguridade.</li> <li>-Informe de laboratorio claro, ordeado, completo e correcto.</li> <li>-Respecto e cooperación no traballo en grupo.</li> </ul>	<p>Este instrumento de avaliación permite coñecer o grao de desenvolvemento das competencias clave: CMCT, CPAA, CSC, SIE</p>
	<p><u>No traballo con simulacións avaliarase:</u></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>-Seguemento das pautas indicadas polo profesorado.</li> <li>-Informe claro, ordeado, completo e rigoroso dende os puntos de vista científico e lingüístico.</li> <li>-Emprego de explicacións complementadas con linguaxe matemática.</li> </ul>	<p>Este instrumento de avaliación permite coñecer o grao de desenvolvemento das competencias clave: CMCT, CPAA, CD</p>
	<p><u>Nos traballos de investigación bibliográfica/comentarios de texto avaliarase:</u></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>-Seguemento das pautas indicadas polo profesorado.</li> <li>-Autonomía no traballo e capacidade de investigación.</li> <li>-Claridade, orde e complexidade da información exposta.</li> <li>-Rigor dende os puntos de vista lingüístico e científico-matemático.</li> <li>-Orixinalidade dos contidos teóricos/experimentais/gráficos.</li> <li>-Aplicación dos coñecementos traballados na aula.</li> <li>-Argumentacións razoadas e críticas cando así se soliciten.</li> <li>-A selección das fontes de información empregadas.</li> </ul>	<p>Este instrumento de avaliación permite coñecer o grao de desenvolvemento das competencias clave: CMCT, CCL, CPAA, CEC, SIE</p>
	<p><u>Se se solicita exposición e presentación oral, avaliarase:</u></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>-Seguemento das pautas indicadas polo profesorado.</li> <li>-Claridade e concreción na presentación dixital, no referente á estética e á presentación dos contidos.</li> <li>-Claridade na expresión oral.</li> </ul>	<p>Este instrumento de avaliación permite coñecer o grao de desenvolvemento das competencias clave: CMCT, CCL, CPAA.</p>

- **Probas escritas.**

Por suposto, a avaliación debe contar con probas escritas nas que os alumnos e alumnas poidan afrontar por si mesmos diversos problemas ou cuestións relacionados co traballo realizado. Faremos como mínimo dúas probas ao longo de cada trimestre, pois é moi importante observar e valorar a evolución dos rapaces e rapazas.

<p><b>PROBAS ESCRITAS</b></p>	<p><u>Cuestións teóricas. Valorarase a corrección nos seguintes puntos:</u></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Formular e describir ideas principais.</li> <li>- Empregar linguaxe apropiada e rigorosa (Fórmulas, términos, gráficas).</li> <li>- Relacionar conceptos.</li> <li>- Responder razoadamente con argumentacións completas.</li> </ul> <p><u>Cuestións prácticas, problemas:</u></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Presentar razoada e ordeadamente o fundamento polo que se empregan as fórmulas, leis, etc.</li> <li>- Razoamentos correctos.</li> <li>- Claridade e corrección nos cálculos, resultados e unidades (Prevalecerá o razoamento correcto sobre os cálculos numéricos).</li> </ul>	<p>Na propia proba indicárase o valor numérico que se lle asigna a cada unha das cuestións propostas.</p> <p>Este instrumento de avaliación permite coñecer o grao de desenvolvemento das competencias clave: CMCT, CCL, CPAA.</p>
-------------------------------	---	--

## 8. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

En cada avaliación faranse como mínimo dúas probas escritas sobre as UD traballadas. Cada exame contará un 35%.

Unha vez feita esta ponderación, a nota final de avaliación calcularase tendo en conta:

**a) probas escritas (70%).**

- Se un alumno é sorprendido nunha conducta fraudulenta durante algunha proba escrita, o docente tomará a decisión que considere máis axeitada.

**b) tarefas clase/casa e prácticas de laboratorio (30%).**

- Esta nota obtense coa media aritmética de cada unha das partes.
- Se un alumno se limita a copiar os datos dos compañeiros sen traballar no laboratorio, este informe poderá ser calificado negativamente.
- Se un alumno non pode asistir ás clases experimentais por motivos xustificadas, o docente poderá axudarlle coas prácticas en horas de recreo, previa solicitude por parte do alumno, pero nunca poderá recuperar durante o horario de clase, pois isto suporía un retraso para os seus compañeiros. É importante que recupere, pois a nota inflúe na nota de avaliación. Se non pode efectuar as prácticas, será avaliado teóricamente sobre os contidos traballados nas prácticas.
- Un alumno que deba saír do laboratorio por mal comportamento, terá un 0 nesa sesión de prácticas.
- Se nunha avaliación non foi posible efectuar prácticas de laboratorio ou proxectos, a porcentaxe correspondente sumarase á da proba escrita.

Considérase superada a avaliación se a nota, tras a ponderación entre as partes a) e b) é dun 5,00 ou maior.

Se a nota de avaliación non chega ao 5,00, a/as proba/s non superada/s da avaliación poderá/n ser recuperada/s a través de tarefas de reforzo ou dunha nova proba escrita, en función do que determine o docente.

Por cuestións de tempo, as probas non superadas na 3ª avaliación recuperaranse nun exame final por avaliacións, e as cuestións experimentais soamente poderán ser avaliadas a través de cuestións teóricas. Se o alumno/a ten as tres avaliacións suspensas, fará un exame de recuperación sobre os contidos de todo o curso.

Para obter a cualificación final de curso, efectuarase unha media das tres notas acadadas en cada unha das tres avaliacións. Para superar a materia será necesario acadar unha cualificación maior ou igual a cinco na avaliación ordinaria de xuño.

O alumnado que non supere a materia na terceira avaliación poderá realizar actividades de apoio e recuperación desde o 6 de xuño ata o 22 de xuño. O alumnado que superou a materia poderá realizar actividades de reforzo e ampliación para mellorar a calificación da materia.

## **9.ACTIVIDADES DE RECUPERACIÓN, PENDENTES E MÍNIMOS ESIXIBLES**

Ao longo do curso, os alumnos que non acaden os mínimos esixibles para os EA de cada UD, poderán traballar estes EA con medidas de reforzo axeitadas a cada caso. O profesor facilitará explicacións e traballos adicionais que permitan unha mellor comprensión e desenvolvemento destes EA, adaptados a cada alumno, e ofrecerá oportunidade de recuperación a través de probas escritas, tal como se explicou no epígrafe 8. Unha vez pasada a avaliación, as partes experimentais poderán ser avaliadas unicamente de xeito teórico.

Os alumnos que non superen a materia na terceira avaliación poderán realizar traballo a determinar polo equipo docente para poder superar a materia no mes de xuño. Esta proba centraráse nos aspectos máis básicos dos traballos durante o curso e que se recollen máis abaixo neste mesmo epígrafe. Polas características deste exame, non será posible respectar as % asignadas ás UD propostas na secuenciación de contidos.

### **ALUMNOS COA FÍSICA E QUÍMICA PENDENTE DE 3ºESO**

Non hai pendentes.

### **MÍNIMOS ESIXIBLES DE 3ºESO**

Para os alumnos que non superen a materia na terceira avaliación faremos actividades de apoio e recuperación correspondentes aos seguintes mínimos esixibles, extraídos do currículo de 3º de ESO – LOMLOE:

- Establece relacións entre magnitudes e unidades, utilizando preferentemente o Sistema Internacional de Unidades e a notación científica para expresar os resultados correctamente.
- Describe as características das partículas subatómicas básicas e a súa localización no átomo.
- Relaciona a notación co número atómico e o número másico, determinando o número de cada tipo de partículas subatómicas básicas.

- Comprende o concepto de isótopo.
- Relaciona as principais propiedades de metais, non metais e gases nobres coa súa posición na táboa periódica e coa súa tendencia a formar ións, tomando como referencia o gas nobre máis próximo.
- Explica como algúns átomos tenden a agruparse para formar moléculas e calcula as súas masas moleculares
- Utiliza a linguaxe química para nomear e formular compostos binarios seguindo as normas IUPAC.
- Realiza os cálculos estequiométricos necesarios para a verificación da lei de conservación da masa en reaccións químicas sinxelas.
- Representa e interpreta unha reacción química sinxela a partir da teoría atómico-molecular e a teoría de colisións.
- Describe o impacto ambiental do dióxido de carbono, os óxidos de xofre, os óxidos de nitróxeno e os CFC e outros gases de efecto invernadoiro.
- Identifica o proceso polo que distintas fontes de enerxía se transforman en enerxía eléctrica nas centrais eléctricas
- Explica a relación entre as cargas eléctricas e a constitución da materia, e asocia a carga eléctrica dos corpos cun exceso ou defecto de electróns.
- Relaciona cualitativamente a forza eléctrica que existe entre dous corpos coa súa carga e a distancia que os separa.
- Identifica fenómenos electrostáticos e magnéticos.

Terase en conta nesta convocatoria unicamente a nota do exame.

## 10. ALUMNOS COA FÍSICA E QUÍMICA PENDENTE DE 2ºESO

Non hai pendentes.

## 11. PLAN DE REFORZO

Tendo en conta que os contidos esenciais de física e química 2º de ESO foron tratados no curso anterior, tal como se recolle na modificación da programación correspondente ao curso 2019-2020, en 3º de ESO non se require ningunha actuación especial de reforzo, máis aló do lóxico repaso que se levará a cabo cada vez que se traballen todas e cada unha das unidades didácticas do presente curso.

## 12. ENSINO A DISTANCIA

En caso de ser preciso o ensino a distancia, este terá as mesmas unidades didácticas, temporalización, obxectivos, competencias clave así como estándares de aprendizaxe que non contemplan actividades a levar a cabo no laboratorio.

Tal e como se indica na Resolución do 10 de setembro, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan as medidas organizativas nos centros educativos como consecuencia da pandemia da covid-19 no caso de ter que levar a cabo o ensino a distancia, o alumnado deberá asistir

ás clases virtuais no mesmo horario que no ensino presencial. A normativa recolle que se poderán ver diminuídas as clases de 50 min ata nun 40%, polo que, empezaremos 10 min máis tarde e acabaremos 10 min antes cada unha das sesións da materia.

En canto á **metodoloxía**, colgarase na aula virtual EDIXGAL, para cada unha das unidades didácticas que o requiran: apuntamentos, boletíns de exercicios, actividades do libro de texto, enlaces a páxinas web e emprego de simulacións virtuais. As sesións serán impartidas por videoconferencia empregando as ferramentas que aporte a Consellaría de Educación.

No caso de haber alumnado que non poida seguir a ensinanza telemática, contactarase co equipo directivo para que este, á súa vez, contacte co concello a fin de que lle poidan enviar os apuntamentos, boletíns, etc.

Os **criterios de cualificación**, serán similares aos do ensino presencial, salvo que a porcentaxe correspondente ás actividades de laboratorio será substituída por actividades relativas a simulacións correspondentes a ditas prácticas.

## VI FÍSICA E QUÍMICA - 4º ESO

### 1 INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

### 2 OBXECTIVOS DA ESO

### 3 RELACIÓN ENTRE CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS CLAVE

### 4 SECUENCIACIÓN E TEMPORALIZACIÓN

### 5 METODOLOXÍA

### 6 PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

### 7 ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE, GRAO MÍNIMO PARA A CONSECUCIÓN DA MATERIA E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

### 8 CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

### 9 ACTIVIDADES DE RECUPERACIÓN DURANTE O CURSO

### 10 RECUPERACIÓN DE MATERIAS PENDENTES DE CURSOS ANTERIORES

### 11 PLAN DE REFORZO

### 12 ENSINO A DISTANCIA

## 1 INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

A aprendizaxe da física e da química resulta imprescindible, xunto coas demais ciencias experimentais e a tecnoloxía, para permitir aos alumnos e ás alumnas analizar con coñecemento de causa os problemas de orixe científica e tecnolóxica que se formulan na nosa sociedade, así como participar no debate que suscitan e dar a resposta que corresponda como cidadanía responsable. Ademais, compártese co resto das disciplinas a responsabilidade de promover no alumnado a adquisición das competencias necesarias para que poida integrarse na sociedade de xeito activo. Como materia científica, Física e Química ten o compromiso engadido de dotar o alumnado de ferramentas específicas que lle permitan afrontar o futuro con garantías, participando no desenvolvemento económico e social ao que está ligada a capacidade científica, tecnolóxica e innovadora da propia sociedade. Para que estas expectativas se concreten, o ensino desta materia debe incentivar unha aprendizaxe contextualizada que relacione os principios en vigor coa evolución histórica do coñecemento científico; que estableza a relación entre ciencia, tecnoloxía e sociedade; que potencie a argumentación verbal, a capacidade de establecer relacións cuantitativas e espaciais, así como a de resolver problemas con precisión e rigor.

A materia de Física e Química debe capacitar aos alumnos e alumnas para extraeren e comunicaren conclusións a partir de probas científicas, formularen preguntas que a ciencia poida responder e explicaren cientificamente fenómenos físicos e naturais. Á achega á competencia propiamente científica cumprirá engadir as correspondentes ao resto das competencias clave.

Posto que no primeiro ciclo de ESO débense afianzar e ampliar os coñecementos que sobre as ciencias da natureza foron adquiridos polo alumnado na etapa de educación primaria, o enfoque co que se procura introducir os conceptos debe ser fundamentalmente fenomenolóxico. Pero no segundo ciclo (4ºESO), esta materia ten, pola contra, un carácter esencialmente formal, e está enfocada a dotar o alumnado de capacidades específicas asociadas a esta disciplina. Cun esquema de bloques similar, en 4º de ESO aséntanse as bases dos contidos que en primeiro de bacharelato recibirán un enfoque máis profundo.

Na ESO, a materia e os seus cambios trátanse nos bloques segundo e terceiro, respectivamente, abordando os aspectos de forma secuencial. No primeiro ciclo realízase unha progresión do macroscópico ao microscópico. O enfoque macroscópico permite introducir o concepto de materia a partir da experimentación directa, mediante exemplos e situacións cotiás, entanto que se procura un enfoque descritivo para o estudo microscópico. No segundo ciclo introdúcese secuencialmente o concepto moderno do átomo e unha profundización na Química. A distinción entre os enfoques fenomenolóxico e formal vólvese presentar claramente no estudo da física, que abarca tanto o movemento e as forzas como a enerxía, bloques cuarto e quinto respectivamente. No primeiro ciclo, o concepto de forza introdúcese, empiricamente, a través da observación, e o movemento dedúcese pola súa relación coa presenza ou ausencia de forzas. No segundo ciclo, o estudo da física, organizado atendendo aos mesmos bloques anteriores, introduce de xeito progresivo a estrutura formal desta materia.

Impártese Física e Química no grupo 4ºESO\_A. A maior parte deste alumnado ten a intención de cursar Bacharelato de Ciencias. Por tanto, é fundamental a destreza no manexo formal da Física e

emprego da ferramenta das matemáticas, así como a comprensión da Física clásica básica. A Química de 4ºESO supón unha profundización do modelo de átomo xa introducido en 3ºESO e traballo na estequiometría de reaccións e identificación de reaccións químicas tipo (ácido-base, combustión e síntese), así como a formulación e nomenclatura en química inorgánica e orgánica, incluíndo unha descrición dos grupos funcionais presentes nas biomoléculas

En 4ºESO-A hai 14 alumnos e ningún ten a física e química pendente de cursos anteriores. Neste grupo hai un alumno con ACI e outro con TEA E TDAH.

## 2 OBXECTIVOS DA ESO

A educación secundaria obrigatoria contribuirá a desenvolver nos alumnos e nas alumnas as capacidades que lles permitan:

- a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.
- b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.
- d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.
- e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.
- f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en materias, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia.
- g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.
- h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.
- i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.

**l)** Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.

**m)** Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.

**n)** Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.

**ñ)** Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.

**o)** Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersoal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

### 3 RELACIÓN ENTRE CONTIDOS, CRITERIOS AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS CLAVE

OBXECTIVOS	CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	COMPETENCIAS CLAVE
<b>BLOQUE 1. A ACTIVIDADE CIENTÍFICA</b>				
<ul style="list-style-type: none"> <li>■ a</li> <li>■ f</li> <li>■ h</li> <li>■ l</li> <li>■ ñ</li> </ul>	■B1.1. Investigación científica.	■B1.1. Recoñecer que a investigación en ciencia é un labor colectivo e interdisciplinario en constante evolución e influído polo contexto económico e político.	<ul style="list-style-type: none"> <li>■FQB1.1.1. Describe feitos históricos relevantes nos que foi definitiva a colaboración de científicos/as de diferentes áreas de coñecemento.</li> <li>■FQB1.1.2. Argumenta con espírito crítico o grao de rigor científico dun artigo ou dunha noticia, analizando o método de traballo e identificando as características do traballo científico.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>■CMCCT</li> <li>■CCL</li> <li>■CCEC</li> <li>■CSC</li> <li>■CMCCT</li> <li>■CCL</li> <li>■CAA</li> <li>■CD</li> <li>■CSIEE</li> </ul>
■f	■B1.1. Investigación científica.	■B1.2. Analizar o proceso que debe seguir unha hipótese desde que se formula ata que é aprobada pola comunidade científica.	■FQB1.2.1. Distingue entre hipóteses, leis e teorías, e explica os procesos que corroboran unha hipótese e a dotan de valor científico.	<ul style="list-style-type: none"> <li>■CMCCT</li> <li>■CAA</li> </ul>
■f	■B1.2. Magnitudes escalares e vectoriais.	■B1.3. Comprobar a necesidade de usar vectores para a definición de determinadas magnitudes.	■FQB1.3.1. Identifica unha determinada magnitude como escalar ou vectorial e describe os elementos que definen esta última.	<ul style="list-style-type: none"> <li>■CMCCT</li> </ul>
■f	■B1.3. Magnitudes fundamentais e derivadas. Ecuación de dimensións.	■B1.4. Relacionar as magnitudes fundamentais coas derivadas a través de ecuacións de magnitudes.	■FQB1.4.1. Comproba a homoxeneidade dunha fórmula aplicando a ecuación de dimensións aos dous membros.	<ul style="list-style-type: none"> <li>■CMCCT</li> </ul>
■f	■B1.4. Erros na medida.	■B1.5. Xustificar que non é posible realizar medidas sen cometer erros, e distinguir entre erro absoluto e relativo.	■FQB1.5.1. Calcula e interpreta o erro absoluto e o erro relativo dunha medida coñecido o valor real.	<ul style="list-style-type: none"> <li>■CMCCT</li> </ul>

<ul style="list-style-type: none"> <li>■ f</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>■ B1.4. Erros na medida.</li> <li>■ B1.5. Expresión de resultados.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>■ B1.6. Expresar o valor dunha medida usando o redondeo e o número de cifras significativas correctas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>■ FQB1.6.1. Calcula e expresa correctamente o valor da medida, partindo dun conxunto de valores resultantes da medida dunha mesma magnitude, utilizando as cifras significativas adecuadas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>■ CMCCT</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>■ f</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>■ B1.5. Expresión de resultados.</li> <li>■ B1.6. Análise dos datos experimentais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>■ B1.7. Realizar e interpretar representacións gráficas de procesos físicos ou químicos, a partir de táboas de datos e das leis ou os principios involucrados.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>■ FQB1.7.1. Representa graficamente os resultados obtidos da medida de dúas magnitudes relacionadas inferindo, de ser o caso, se se trata dunha relación lineal, cuadrática ou de proporcionalidade inversa, e deducindo a fórmula.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>■ CMCCT</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>■ b</li> <li>■ e</li> <li>■ f</li> <li>■ g</li> <li>■ h</li> <li>■ l</li> <li>■ ñ</li> <li>■ o</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>■ B1.7. Tecnoloxías da información e da comunicación no traballo científico.</li> <li>■ B1.8. Proxecto de investigación.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>■ B1.8. Elaborar e defender un proxecto de investigación, aplicando as TIC.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>■ FQB1.8.1. Elabora e defende un proxecto de investigación sobre un tema de interese científico, empregando as TIC.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>■ CMCCT</li> <li>■ CAA</li> <li>■ CCL</li> <li>■ CD</li> <li>■ CSIEE</li> <li>■ CSC</li> <li>■ CCEC</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>■ a</li> <li>■ b</li> <li>■ c</li> <li>■ d</li> <li>■ e</li> <li>■ f</li> <li>■ g</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>■ B1.1. Investigación científica.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>■ B1.9. Realizar en equipo tarefas propias da investigación científica.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>■ FQB1.9.1. Realiza de xeito cooperativo ou colaborativo algunhas tarefas propias da investigación científica: procura de información, prácticas de laboratorio ou pequenos proxectos de investigación.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>■ CMCCT</li> <li>■ CCL</li> <li>■ CD</li> <li>■ CAA</li> <li>■ CSIEE</li> <li>■ CSC</li> <li>■ CCEC</li> </ul>
EA	AVAL	GRAO MÍNIMO CONSECUCIÓN EA	PROCEDEMENTOS /INSTRUMENTOS AVALIACIÓN		
					Proba escrita
			TRABALLO/LAB/ SIM /PROXECTO	TAREFAS CLASE/CASA	
FQB2.8.1. Explica os motivos polos que o carbono é o elemento que forma maior número de compostos.	3ª	Explica os motivos polos que o carbono é o elemento que forma maior número de compostos.	-	X	X
FQB2.8.2. Analiza as formas alotrópicas do carbono, relacionando a estrutura coas propiedades.	3ª	Cóñece as formas alotrópicas do carbono, relacionando a estrutura coas propiedades.	-	X	X

FQB2.9.1. Identifica e representa hidrocarburos sinxelos mediante a súa fórmula molecular, semidesenvolvida e desenvolvida.	3ª	Identifica e representa hidrocarburos sinxelos mediante a súa fórmula molecular, semidesenvolvida e desenvolvida.	Simulación	X	X
FQB2.9.2. Deduce, a partir de modelos moleculares, as fórmulas usadas na representación de hidrocarburos.	3ª	Identifica, a partir de modelos moleculares, as fórmulas usadas na representación de hidrocarburos.	Simulación	X	
FQB2.10.1. Recoñece o grupo funcional e a familia orgánica a partir da fórmula de alcohois, aldehidos, cetonas, ácidos carboxílicos, ésteres e aminas.	3ª	Recoñece o grupo funcional a partir da fórmula de alcohois, aldehidos, cetonas, ácidos carboxílicos, ésteres e aminas.	Simulación	X	
FQB2.9.3. Describe as aplicacións de hidrocarburos sinxelos de especial interese.	3ª	Coñece algunha aplicación de hidrocarburos sinxelos de especial interese.	-	X	

UD 9: AS REACCIÓNS QUÍMICAS					
EA	AVAL	GRAO MÍNIMO CONSECUCIÓN EA	PROCEDEMENTOS /INSTRUMENTOS AVALIACIÓN		
					Proba escrita
			TRABALLO/LAB/SIM/ PROXECTO	TAREFAS CLASE/CASA	
FQB3.1.1. Interpreta reaccións químicas sinxelas utilizando a teoría de colisións, e deduce a lei de conservación da masa.	3ª	Xustifica a lei de conservación da masa en reacción química sinxelas	-	X	X
FQB3.2.1. Predí o efecto que sobre a velocidade de reacción teñen a concentración dos reactivos, a temperatura, o grao de división dos reactivos sólidos e os catalizadores.	3ª	Coñece o efecto que sobre a velocidade de reacción teñen a concentración dos reactivos, a temperatura, o grao de división dos reactivos sólidos e os catalizadores	-	X	

FQB3.2.2. Analiza o efecto dos factores que afectan a velocidade dunha reacción química, sexa a través de experiencias de laboratorio ou mediante aplicacións virtuais interactivas nas que a manipulación das variables permita extraer conclusións.	3ª	Analiza o efecto dos factores que afectan a velocidade dunha reacción química	Lab/sim	X	
FQB3.3.1. Determina o carácter endotérmico ou exotérmico dunha reacción química analizando o signo da calor de reacción asociada.	3ª	Determina o carácter endotérmico ou exotérmico dunha reacción química analizando o signo da calor de reacción asociada	-	X	X
FQB3.4.1. Realiza cálculos que relacionen a cantidade de substancia, a masa atómica ou molecular e a constante do número de Avogadro.	3ª	Calcula a cantidade, a masa atómica ou molecular e os moles e moléculas de substancias sinxelas	-	X	X
FQB3.5.1. Interpreta os coeficientes dunha ecuación química en termos de partículas e moles e, no caso de reaccións entre gases, en termos de volumes.	3ª	Interpreta os coeficientes dunha ecuación química en termos de partículas e moles e, no caso de reaccións entre gases, en termos de volumes.	-	X	
FQB3.5.2. Resolve problemas, realizando cálculos estequiométricos, con reactivos puros e supondo un rendemento completo da reacción, tanto se os reactivos están en estado sólido como se están en disolución.	3ª	Resolve problemas, realizando cálculos estequiométricos sinxelos, con reactivos puros e supondo un rendemento completo da reacción, tanto se os reactivos están en estado sólido como se están en disolución	-	X	
FQB3.6.1. Utiliza a teoría de Arrhenius para describir o comportamento químico de ácidos e bases.	3ª	Identifica ácidos e bases aplicando a teoría de Arrhenius	-	X	X
FQB3.6.2. Establece o carácter ácido, básico ou neutro dunha disolución utilizando a escala de pH.	3ª	Establece o carácter ácido, básico ou neutro dunha disolución utilizando a escala de pH.	Laboratorio	X	
FQB3.7.1. Deseña e describe o procedemento de realización dunha volumetría de neutralización entre un ácido forte e unha base forte, e interpreta os resultados.	3ª	Coñece o procedemento de realización dunha volumetría de neutralización entre un ácido forte e unha base forte	Laboratorio	X	

FQB3.8.3. Describe casos concretos de reaccións de neutralización de importancia biolóxica e industrial.	3ª	Entende a reacción de neutralización e valora a súa importancia en procesos biolóxicos e industriais	-	X	
FQB3.7.2. Planifica unha experiencia e describe o procedemento para seguir no laboratorio que demostre que nas reaccións de combustión se produce dióxido de carbono mediante a detección deste gas.	3ª	Coñece algún procedemento de laboratorio nos que se xustifique a obtención de dióxido de carbono nas reaccións de combustión	Laboratorio	X	X
FQB3.8.2. Valora a importancia das reaccións de combustión na xeración de electricidade en centrais térmicas, na automoción e na respiración celular.	3ª	Valora a importancia das reaccións de combustión na xeración de electricidade en centrais térmicas, na automoción e na respiración celular.	-	X	
FQB3.7.3. Realiza algunhas experiencias de laboratorio nas que teñan lugar reaccións de síntese, combustión ou neutralización.	3ª	Realiza algunhas experiencias de laboratorio nas que teñan lugar reaccións de síntese, combustión ou neutralización.	Laboratorio	X	X
FQB3.8.1. Describe as reaccións de síntese industrial do amoníaco e do ácido sulfúrico, así como os usos destas substancias na industria química.	3ª	Identifica os principais procesos na síntese do amoníaco e do ácido sulfúrico	-	X	X
FQB1.8.1. Elabora e defende un proxecto de investigación sobre un tema de interese científico, empregando as TIC.	3ª	Elabora e presenta un proxecto de investigación sobre un tema de interese científico, empregando as TIC.	Traballo/Lab	X	-

## 6 PROCEDIMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

A avaliación da materia de Física e Química ten como finalidade coñecer o grao de competencia acadado polos alumnos, tomando como referentes os criterios de avaliación, e os EA que os detallan. A avaliación dos alumnos farase mediante observación, tarefas e probas variadas que faciliten ao profesor e ao alumno o coñecemento do progreso na materia.

1. Realizarase unha **Avaliación inicial** ao comezo do curso escolar e, no seu caso, de cada Unidade Didáctica para determinar o grao de formación e interese do alumnado e así, posteriormente, adecuar os contidos ás características do grupo e dos alumnos de forma personalizada.
2. A **avaliación continua/formativa** levarase a cabo ao longo do desenvolvemento da programación. Realizarase a través de diversos instrumentos de avaliación que se especifican máis adiante. Culmina nunha avaliación final que conduce a unha única nota ao final de cada trimestre e a final de curso.
3. **Autoavaliación**: Valoración individual de cada un sobre o seu propio traballo. No caso das probas escritas, o profesor entregaraas corrixidas e corrixiranse na clase para que os alumnos completen os apartados que non realizaron no seu caderno.
4. **Coavaliación ou avaliación conxunta**. Trátase de que os propios alumnos corrixan o proceso educativo / formativo de eles mesmos e do profesor.

Os instrumentos que empregaremos serán os seguintes:

- **Observación diaria dos alumnos e alumnas a través do traballo na aula e caderno persoal.**  
**Tarefas clase/casa:**

Os alumnos e alumnas levarán todos os días a tarefa de revisar en casa o que se fixo na clase, resaltar o máis importante e anotar as dificultades, así como traer feitos algúns exercicios ou aprendidos algúns conceptos. Cada día haberá que comprobar que este traballo está feito, para que desenvolvan uns correctos hábitos de estudo.

<b>TAREFAS CLASE/ CASA</b>	Para avaliar o traballo de clase terase en conta:  -Apuntes completos, incluídas as fotocopias ou material complementario que se proporcione ao alumnado..  -Exercicios e problemas feitos e corrixidos.  -Claridade e orde no caderno, como importante instrumento de estudo.	Este instrumento de avaliación permite coñecer o grao de desenvolvemento das competencias clave: CMCT, CPAA, CCL, CSC.
-Haberá unha lista de control para rexistrar estes parámetros diarios.		

- **Traballo experimental, simulacións, pequenas investigacións.**

Os alumnos e alumnas deberán realizar tarefas propostas polo profesor durante a clase/sesión experimental. Se se trata de traballos de laboratorio, ademais, observaremos a súa destreza no traballo experimental e respecto ás normas de laboratorio e, sobre todo, a autonomía á hora de elixir o material necesario para unha tarefa proposta. Se estes se fan en grupo, traballarán, tamén, o labor de equipo. Procurarase formar grupos nos que se fomente o traballo cooperativo. Deberá ser valorada a execución destas tarefas a través dunha lista de control en dobre vertente: a súa corrección e, se hai error ou dúbidas, a actitude interesada dos alumnos nas súas preguntas para poder continuar a tarefa con autonomía.

As simulacións son un interesante instrumento de aprendizaxe, pois de xeito interactivo permiten a comprobación dos contidos traballados e o emprego das TIC.

Serán tamén valorados os pequenos traballos de investigación ou comentarios sobre textos de interese científico a través de exposición escrita ou oral na aula. Estes traballos indican como van desenvolvendo a súa capacidade de pescuda, síntese, e organización de información, o espírito crítico ante a mesma e tamén as expresións exposición oral e escrita.

<p style="text-align: center;"><b>TRABALLO DE LABORATORIO / SIMULACIÓNS TRABALLOS/ PROXECTO</b></p> <p>-Entrégaseaos alumnos antes da realización da actividade (laboratorio ou simulación) un guión coas pautas a seguir e un informe con cuestións sobre o traballo a desenvolver que debe ser cuberto e entregado cada día no laboratorio ou aula de informática, ouao rematar a actividade no caso de que se estableza un prazo de varias sesións para facelo. -Entrégasetaménunha rúbrica na que se informa ao alumnado dos aspectos que serán valorados naavaliación da actividade.</p>	<p><u>No traballo de laboratorio debe avaliarse:</u></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>-Seguemento das pautas indicadas polo profesorado.</li> <li>-Destreza no traballo experimental.</li> <li>-Autonomía na elección de material (depende do caso).</li> <li>-Actitude de traballo e respecto polo material e ás normas de seguridade.</li> <li>-Informe de laboratorio claro, ordeado, completo e correcto.</li> <li>-Respecto e cooperación no traballo en grupo.</li> </ul>	<p>Este instrumento de avaliación permite coñecer o grao de desenvolvemento das competencias clave: CMCT, CPAA, CSC, SIE</p>
	<p><u>No traballo con simulaciónsavalíase:</u></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>-Seguemento das pautas indicadas polo profesorado.</li> <li>-Informe claro, ordeado, completo e rigoroso dende os puntos de vista científico e lingüístico.</li> <li>-Emprego de explicacións complementadas con linguaxe matemática.</li> </ul>	<p>Este instrumento de avaliación permite coñecer o grao de desenvolvemento das competencias clave: CMCT, CPAA, CD</p>
	<p><u>Nos traballos de investigación bibliográfica/comentarios de texto avalíase:</u></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>-Seguemento das pautas indicadas polo profesorado.</li> <li>-Autonomía no traballo e capacidade de investigación.</li> <li>-Claridade, orde e complexidade da información exposta.</li> <li>-Rigor dende os puntos de vista lingüístico e científico-matemático.</li> <li>-Orixinalidade dos contidos teóricos/experimentais/gráficos.</li> <li>-Aplicación dos coñecementostraballadosna aula.</li> <li>-Argumentaciónsrazoadas e críticas cando así se soliciten.</li> <li>-A selección das fontes de información empregadas.</li> </ul>	<p>Este instrumento de avaliación permite coñecer o grao de desenvolvemento das competencias clave: CMCT, CCL, CPAA, CEC, SIE</p>
	<p><u>Se se solicita exposición e presentación oral, avalíase:</u></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>-Seguemento das pautas indicadas polo profesorado.</li> <li>-Claridade e concreción na presentación dixital, no referente á estética e á presentación dos contidos.</li> <li>-Claridadena expresión oral.</li> </ul>	<p>Este instrumento de avaliación permite coñecer o grao de desenvolvemento das competencias clave: CMCT, CCL, CPAA.</p>

- **Probas escritas.**

-Por suposto, a avaliación debe contar con probas escritas nas que os alumnos e alumnas poidan afrontar por si mesmos diversos problemas ou cuestións relacionados co traballo realizado. Faremos como mínimo dúas probas ao longo de cada trimestre, pois é moi importante observar e valorar a evolución dos rapaces e rapazas.

<p><b>PROBAS ESCRITAS</b></p>	<p><u>Cuestións teóricas. Valorarase a corrección nos seguintes puntos:</u></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Formular e describir ideas principais.</li> <li>- Empregar linguaxe apropiada e rigorosa (Fórmulas, términos, gráficas).</li> <li>- Relacionar conceptos.</li> <li>- Responder razoadamente con argumentacións completas.</li> </ul> <p><u>Cuestións prácticas, problemas:</u></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Presentar razoada e ordeadamente o fundamento polo que se empregan as fórmulas, leis, etc.</li> <li>- Razoamentos correctos.</li> <li>-Claridade e corrección nos cálculos, resultados e unidades (Prevalecerá o razoamento correcto sobre os cálculos numéricos).</li> </ul>	<p>Na propia proba indicárase o valor numérico que se lle asigna a cada unha das cuestións propostas.</p> <p>Este instrumento de avaliación permite coñecer o grao de desenvolvemento das competencias clave: CMCT, CCL, CPAA.</p>
-------------------------------	--	--

## 6 CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

En cada avaliación faranse como mínimo dúas probas escritas sobre as UD traballadas. Cada exame contará un 35%.

Unha vez feita esta ponderación, a nota final de avaliación calcularase tendo en conta:

**a) probas escritas (70%).**

- Se un alumno é sorprendido nunha conducta fraudulenta durante algunha proba escrita, o docente tomará a decisión que considere máis axeitada.

**b) tarefas clase/casa e prácticas de laboratorio (30%).**

- Esta nota obténse da media aritmética de cada unha das partes.
- Se un alumno se limita a copiar os datos dos compañeiros sen traballar no laboratorio, este informe poderá ser calificado negativamente.
- Se un alumno non pode asistir ás clases experimentais por motivos xustificadas, o docente poderá axudarlle coas prácticas en horas de recreo, previa solicitude por parte do alumno, pero nunca poderá recuperar durante o horario de clase, pois isto suporía un retraso para os seus compañeiros. É importante que recupere, pois a nota inflúe na nota de avaliación. Se non pode efectuar as prácticas, será avaliado teóricamente sobre os contidos traballados nas prácticas.
- Un alumno que deba saír do laboratorio por mal comportamento, terá un 0 nesa sesión de prácticas.
- Se nunha avaliación non foi posible efectuar prácticas de laboratorio ou proxectos, a porcentaxe correspondente sumarase á proba escrita.

Considérase superada a avaliación se a nota, tras a ponderación entre as partes a) e b) é dun 5,00 ou maior.

Se a nota de avaliación non chega ao 5,00, a/as proba/s non superada/s da avaliación poderá/n ser recuperada/s a través de tarefas de reforzo ou dunha nova proba escrita, en función do que determine o docente.

Por cuestións de tempo, as probas non superadas na 3ª avaliación recuperaranse nun exame final por avaliacións, e as cuestións experimentais soamente poderán ser avaliadas a través de cuestións teóricas. Se o alumno/a ten as tres avaliacións suspensas, fará un exame de recuperación sobre os contidos de todo o curso.

Para obter a cualificación final de curso, efectuarase unha media das tres notas acadadas en cada unha das tres avaliacións. Para superar a materia será necesario acadar unha cualificación maior ou igual a cinco na avaliación ordinaria de xuño.

O alumnado que non supere a materia na terceira avaliación poderá realizar actividades de apoio e recuperación desde o 6 de xuño ata o 22 de xuño. O alumnado que superou a materia poderá realizar actividades de reforzo e ampliación para mellorar a calificación da materia.

## 9 ACTIVIDADES DE RECUPERACIÓN E MÍNIMOS ESIXIBLES

Ao longo do curso, os alumnos que non acaden os mínimos esixibles para os EA de cada UD, poderán traballar estes EA con medidas de reforzo axeitadas a cada caso. O profesor facilitará explicacións e traballos adicionais que permitan unha mellor comprensión e desenvolvemento destes EA, adaptados a cada alumno, e ofrecerá oportunidade de recuperación a través de probas escritas, tal como se explicou no epígrafe correspondente. Unha vez pasada a avaliación, as partes experimentais poderán ser avaliadas unicamente de xeito teórico.

Os alumnos que non superen a materia na terceira avaliación, poderán realizar actividades de apoio e recuperación desde o 6 de xuño ata o 22 de xuño. Esta proba centraráse nos aspectos máis básicos dos traballados durante o curso e que se recollen máis abaixo neste mesmo epígrafe.

### **MÍNIMOS ESIXIBLES DE 4ºESO PARA A PROBA DE XUÑO**

Para os alumnos de 4ºESO elaborárase actividades que inclúan os seguintes mínimos esixibles, extraídos do currículo de 4º de ESO – LOMLOE:

- Identifica unha determinada magnitude como escalar ou vectorial e describe os elementos que definen esta última.
- Interpreta o erro absoluto e o erro relativo dunha medida coñecido o valor real.
- Resolve problemas de movemento rectilíneo uniforme (MRU), rectilíneo uniformemente acelerado (MRUA) e circular uniforme (MCU), incluíndo movemento de graves, tendo en conta valores positivos e negativos das magnitudes
- Determina tempos e distancias de freada de vehículos e xustifica, a partir dos resultados, a importancia de manter a distancia de seguridade na estrada.
- Representa as forzas que actúan sobre un corpo en movemento nun plano tanto horizontal como inclinado, calculando a forza resultante e a aceleración.
- Xustifica a expresión da aceleración da gravidade a partir da lei da gravitación universal relacionando as expresións matemáticas do peso dun corpo e a forza de atracción gravitatoria.

- Calcula a presión exercida polo peso dun obxecto regular en distintas situacións nas que varía a superficie en que se apoia.
- Resolve problemas relacionados coa presión no interior dun fluído aplicando o principio fundamental da hidrostática.
- Coñece algunhas aplicacións prácticas baseadas no principio de Pascal
- Predí a maior ou menor flotabilidade de obxectos utilizando a expresión matemática do principio de Arquímedes
- Resolve problemas de transformacións entre enerxía cinética e potencial gravitatoria, aplicando o principio de conservación da enerxía mecánica.
- Acha o traballo e a potencia asociados a unha forza en casos sinxelos
- Calcula a enerxía transferida entre corpos a distinta temperatura e o valor da temperatura final aplicando o concepto de equilibrio térmico
- Entende a necesidade de propoñer novos modelos atómicos para explicar novas evidencias experimentais
- Establece a configuración electrónica dos elementos representativos a partir do seu número atómico para deducir a súa posición na táboa periódica, os seus electróns de valencia
- Utiliza a regra do octeto e diagramas de Lewis para predicir a estrutura e a fórmula dos compostos iónicos e covalentes.
- Nomea e formula compostos inorgánicos ternarios, seguindo as normas da IUPAC
- Identifica e representa hidrocarburos sinxelos mediante a súa fórmula molecular, semidesenvolvida e desenvolvida.
- Recoñece o grupo funcional a partir da fórmula de alcohois, aldehidos, cetonas, ácidos carboxílicos, ésteres e aminas.
- Calcula a cantidade, a masa atómica ou molecular e os moles e moléculas de substancias sinxelas
- Resolve problemas, realizando cálculos estequiométricos sinxelos, con reactivos puros e supondo un rendemento completo da reacción, tanto se os reactivos están en estado sólido como se están en disolución.

## 10 ALUMNOS COA FÍSICA E QUÍMICA PENDENTE DE 3ºESO

Non hai pendentes.

## 11. PLAN DE REFORZO

Tendo en conta que os contidos esenciais de física e química 3º de ESO non tratados no curso 2019-2020, foron os correspondentes aos bloques 4 (Movementos e forzas) e 5 (A enerxía), tal como se recolle na modificación da programación correspondente ao curso 2019-2020, en 4º de ESO explicaranse os contidos de 3º que sexan necesarios, enlazandoos cos de 4º.

## 12. ENSINO A DISTANCIA

En caso de ser preciso o ensino a distancia, este terá as mesmas unidades didácticas, temporalización, obxectivos, competencias clave así como estándares de aprendizaxe que non contemplan actividades a levar a cabo no laboratorio.

En canto á **metodoloxía**, colgarase na aula virtual do centro, para cada unha das unidades didácticas que o requiran: apuntamentos, boletíns de exercicios, actividades do libro de texto, enlaces a páxinas web e emprego de simulacións virtuais. As sesións serán impartidas por videoconferencia empregando as ferramentas que aporte a Consellaría de Educación.

Tal e como se indica na Resolución do 10 de setembro, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan as medidas organizativas nos centros educativos como consecuencia da pandemia da covid-19 no caso de ter que levar a cabo o ensino a distancia, o alumnado deberá asistir ás clases virtuais no mesmo horario que no ensino presencial. A normativa recolle que se poderán ver diminuídas as clases de 50 min ata nun 40%, polo que, empezaremos 10 min máis tarde e acabaremos 10 min antes cada unha das sesións da materia.

No caso de haber alumnado que non poida seguir a ensinanza telemática, contactarase co equipo directivo para que este, á súa vez, contacte co concello a fin de que lle poidan enviar os apuntamentos, boletíns, etc.

Os **criterios de cualificación**, serán similares aos do ensino presencial, salvo que a porcentaxe correspondente ás actividades de laboratorio será substituída por actividades relativas a simulacións correspondentes a ditas prácticas.

## VII CONTRIBUCIÓN AO PLAN LECTOR DO CENTRO

En moitas ocasións temos alumnos que non entenden o que len, xa sexan artigos de prensa, textos literarios ou científicos, ou simplemente o enunciado dun problema. Este feito supón un grande obstáculo no seu proceso de aprendizaxe. Por esta razón é moi importante fomentar a lectura desde todos os departamentos, e en concreto, desde o departamento de Física e Química.

A comunicación, nos ámbitos da comprensión e expresión, tanto oral como escrita, constitúe un eixe fundamental no proceso de ensino e aprendizaxe do coñecemento científico. Nesta área trátase de desenvolver a capacidade de comprensión e expresión das seguintes formas:

- Lecturas de artigos de prensa relacionados coa materia e posterior análise dos mesmos.
- Busca de información para a realización de traballos, utilizando diferentes fontes.
- Lectura comprensiva do libro de texto co posterior análise e aclaración sobre o fragmento lido.
- Lectura comprensiva dos enunciados dos exercicios, identificando os conceptos que aparecen e as relacións existentes entre eses conceptos e os datos.
- Emprego dunha linguaxe científica con coherencia e precisión.

- Realización de informes científicos.
- Postas en común das diferentes actividades realizadas así como debates na aula.

Desta forma traballaremos a expresión tanto oral como escrita favorecendo así unha mellor comprensión lectora, unha maior confianza para expresarse en público e un maior respecto ás opinións dos demais.

Por outra banda se recomenda e promove que o alumnado lea libros de ciencia e de divulgación científica como:

- *“Todo es cuestión de química y otras maravillas de la tabla periódica”* Deborah García Bello. Ed Paidós
- *“El bosón de Higgs no te va a hacer la cama. La física como nunca te la han contado”* Santaolalla Camino, Javier. Ed.: La esfera de los libros
- *“Inteligencia física. Aprende a ver el mundo con la mente de un físico”* Santaolalla Camino, Javier. Ed.: Plataforma Editorial
- *“Como explicar física cuántica con un gato zombi”* Big Van, Científicos sobre ruedas. Ed.: Alfaguara.
- *“Quantic Love”* Sónia Fernández-Vidal. Editorial: Destino Infantil & Juvenil
- *“Experimentos para entender el mundo”*. **Javier Fernández Panadero**
- *“Aproxímate: la ciencia para todos”* **Javier Fernández Panadero**
- *“¿Por que la nieve es blanca?: La ciencia para todos”* **Javier Fernández Panadero**
- *“El universo en una taza de café”*. De **Jordi Pereyra**
- *“Las 4 fuerzas que rigen el universo”*. De **Jordi Pereyra**
- *“El universo en una cascara de nuez”*. Stephen Hawking

De todos eles se mercaron exemplares para a biblioteca.

## VIII AVALIACIÓN DO PROCESO DE ENSINO APRENDIZAXE E DA PRÁCTICA DOCENTE

A valoración dos procesos de ensinanza e da práctica docente realizaranse de acordo coas seguintes directrices: despois de cada avaliación ou, a o menos, ao termo das avaliacións primeira e final de ano, os profesores do noso Departamento levarán a cabo a avaliación do proceso de ensinanza-aprendizaxe cumprimentando o cuestionario adxunto. Ao termo da avaliación final, os resultados do cuestionario incluíranse na memoria final do Departamento.

O xefe do Departamento entregará ao equipo directivo unha valoración dos resultados deses cuestionarios usando como modelo o mesmo cuestionario. A partir destes resultados, deberanse modificar aqueles aspectos da práctica docente que fosen detectados como pouco axeitados ás características dos alumnos e ao contexto socioeconómico e cultural do centro

<b>Departamento de Física e Química</b>	<b>Materia:</b>	<b>Profesor:</b>
<b>AVALIACIÓN FINAL:</b> Valora entre 1 e 4 (1=Mínimo e 4=Máximo) os seguintes indicadores:		

<b>INDICADORES</b>	1	2	3	4
1 Cumprimento da programación didáctica				
2 Informo aos alumnos dos criterios de avaliación e cualificación				
3 Informo aos alumnos dos coñecementos mínimos				
4 Seleciono os contidos en función de cada grupo				
5 Programo as actividades según os contidos				
6 Programo as actividades según os distintos grupos				
7 Adopto estratexias metodolóxicas diversas atendendo á diversidade de mis alumnos				
8 As relacións dentro da aula son correctas				
9 Fomento a colaboración entre os alumnos por medio do traballo en grupo				
10 Facilito estratexias de aprendizaxe				
11 Propoño un plan de traballo antes de cada unidade				
12 Utilizo medios audiovisuais				
13 Utilizo medios informáticos				
14 Aplico os criterios de cualificación establecidos na programación				
15 Sigo o plan programado para o fomento da lectura				
16 Corrixo e explico os traballos e outras actividades				
17 Coordínome cos demais profesores do Departamento				
18 Informo do rendemento escolar dos meus alumnos				
19 Informo do comportamento dos meus alumnos				
20 Despois de valorar a aprendizaxe dos meus alumnos, presento no Departamento propostas de mellora				
<b>SUXERENCIAS E PROPOSTAS DE MELLORA</b>				

## IX AVALIACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

Dende o Departamento analizaranse e valoraranse os resultados obtidos polos alumnos ao final da terceira avaliación que quedarán reflectidos na memoria final. Nesta memoria incluiremos a valoración do Departamento sobre a idoneidade da metodoloxía empregada, así como os materiais curriculares e

didáticos empregados. Tamén incluiremos as propostas de mellora sen esquecermos das que corresponden a organización e aproveitamento de recursos.

Concrétanse na seguinte táboa os aspectos indicados na lexislación a avaliar dentro do proceso de ensinanza-aprendizaxe que corresponde ao noso Departamento:

<b>DEPARTAMENTO DE FÍSICA E QUÍMICA</b>	<b>ANÁLISE E VALORACIÓN</b>
a) A organización e aproveitamento dos recursos do centro.	
b) A aplicación dos criterios de avaliación da aprendizaxe.	
c) As medidas de reforzo e apoio empregadas.	
d) A idoneidade da metodoloxía, así como dos materiais curriculares e didáticos empregados.	
<b>PROPOSTAS DE MELLORA</b>	

## **X COORDINACIÓN E TRABALLO EN EQUIPO**

### **Entre os profesores do Departamento.**

No contexto do traballo en equipo, a coordinación e intercambio de materiais, incidencias, propostas e ideas no Departamento de Física e Química contará este Curso coas seguintes ferramentas:

- Dada a gran cantidade de interesantes recursos e novas que continuamente aparecen na rede, empregaremos o blog do Departamento para compartir materiais didáticos entre os profesores que o integramos e co alumnado, o que favorecerá a necesaria reciclaxe de información e intercambio de ideas.
- Nas Reunións de Departamento o seguemento da Programación é un punto fundamental; este curso traballaremos periódicamente cunhas follas nas que poida figurar por escrito todo o relativo á posta en práctica da Programación nas aulas, de xeito que o rexistro sexa máis sistemático, claro e completo, e redactado personalmente por cada profesor do noso equipo. A información que quede reflectida nestas follas, será posta en común e valorada nas Reunións de Departamento e, de ser o caso, tomaremos as medidas necesarias para o presente ou vindeiros Cursos Académicos ante calquera incidencia ou proposta, co obxecto de mellorar a organización dentro do Departamento e a práctica docente nas aulas. O formato destas follas será o seguinte:

PERÍODO:		PROFESOR:
MATERIA	CURSO	SEGUIMIENTO DA PROGRAMACIÓN - COMENTARIOS

### Entre Departamentos Didácticos

A relación entre Departamentos Didácticos é fundamental para acadar a cohesión pedagóxica nos diferentes Grupos de alumnos e, así, garantir unha formación integral sen compartimentos estancos. Ademais, a optimización da secuenciación dos contidos a traballar nas diversas materias debe pasar pola coordinación interdepartamental, co obxectivo de aunar esforzos, non caer en incoherencias e proporcionar aos alumnos as ferramentas axeitadas para unha correcta aprendizaxe.

Por este motivo, o Departamento de Física e Química coordinarase, fundamentalmente cos de Ciencias Naturais, Matemáticas e Tecnoloxía, pois son os que traballan as materias que poden presentar contidos afíns e, por tanto, susceptibles de organización interdepartamental. Por este motivo, manteranse ao inicio de curso reunións entre xefes de departamento para despois informar a cada departamento sobre os aspectos de coordinación interdepartamental.

## XI ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Concíbese a atención á diversidade como o conxunto de medidas e accións deseñadas coa finalidade de adecuar a resposta educativa ás diferentes características, capacidades, ritmos e estilos de aprendizaxe, motivacións e intereses, e situacións sociais e culturais de todo o alumnado. Este conxunto de medidas e accións implicarán a toda a comunidade educativa, converténdose nun dos eixos vertebradores da práctica docente, o que implica realizar propostas curriculares e/ou organizativas que contemplan a pluralidade de todas e cada unha das alumnas e alumnos.

A atención á diversidade asentarase na prevención, detección temperá, orientación, medidas de atención específica, esforzo compartido, coordinación entre os diferentes axentes que interveñan co alumnado, cooperación entre administracións públicas e institucións, e na participación de toda a comunidade educativa.

Serán prioritarias sempre as **medidas de carácter xeral** e normalizador. As **medidas extraordinarias** que se establezan só serán adoptadas cando estean esgotadas as vías ordinarias e non existan outras alternativas que garantan a atención adecuada do alumnado. En 2ºESO pode ser necesaria a elaboración de ACI para alumnos para os que, tras reunión co equipo de Orientación, se decida que así o precisan. Estas medidas extraordinarias e programación adaptada serían, no seu caso,, entregadas a Orientación.

Se todo o alumnado, en xeral, precisa da atención á súa diversidade, máis aínda aquel que polas súas características derivadas de dificultades manifestadas na aprendizaxe, discapacidade ou trastornos graves de conduta, altas capacidades e/ou incorporación tardía ao noso sistema educativo, require determinados apoios e atencións educativas específicas.

Neste curso contamos con alumnos con necesidades educativas específicas: TEA, TDAH, altas capacidades e varios alumnos repetidores.

### **Situación inicial do alumnado**

Para coñecer a situación inicial do alumno/a empregaremos os seguintes instrumentos:

- **A información aportada polo Dpto. de Orientación**, mediante as probas iniciais habituais, os informes doutros anos, ou informes dos C.E.I.P. de orixe, etc.
- **A proba inicial específica**: é unha proba deseñada para coñecer o desenvolvemento das capacidades básicas de carácter científico que posúe cada alumno, orientada a tres campos: conceptos, procedementos e actitudes. Así, por exemplo, trátase de investigar a súa capacidade para expresar ideas empregando unha terminoloxía axeitada, de realizar e interpretar gráficas, táboas, debuxos, a súa destreza no emprego de ferramentas matemáticas, etc.
- **A valoración individual de cada un dos alumnos** do grupo que se realice por parte do titor/a e do equipo docente **na avaliación inicial**.

Unha vez teñamos organizada esta información, cremos que será posible coñecer cales son as características e a situación de partida de cada un dos nosos alumnos e actuar en consecuencia.

### **Medidas xerais**

- **A acción tutorial e a orientación**, incidindo no coñecemento do historial de cada alumna e cada alumno así como no do seu entorno familiar e social para adecuar e orientar as accións educativas ás súas necesidades.
- **Desenvolvendo cuestións de diagnóstico previo ao inicio de cada unidade didáctica**, para detectar o nivel de coñecementos e de motivación do alumnado que permita valorar o punto de partida e as estratexias que se van seguir. Coñecer o nivel do que partimos permitiranos saber qué alumnos e alumnas posúen uns coñecementos previos antes de comezar a unidade, de modo que poidan abarcala sen dificultades, e cales presentan algunha carencia. Asimesmo, saberemos qué alumnado traballou antes certos aspectos do contido para poder empregar axeitadamente os criterios e actividades de ampliación, e así a aprendizaxe poida seguir adiante.
- **Programas de reforzo e recuperación das áreas avaliadas negativamente.**

Aplicaremos o reforzo educativo a todo aquel alumnado que o precise.

- **Adaptación curriculares individuais**

En caso de ser necesario realizaranse adaptacións curriculares individuais coa colaboración do/a titor/a e co Departamento de Orientación.

- **Incluindo medidas específicas e actividades de diferente grao de dificultade:**

- × **Para alumnos con dificultades de aprendizaxe:**

Hai alumnos máis desfavorecidos social ou culturalmente que están a esixir un esforzo para compensar as súas condicións de partida fronte á aprendizaxe. Detectadas as dificultades a través dos cauces habituais xa mencionados, deberemos, en primeiro lugar, proporcionar aos alumnos as propias ferramentas de detección das súas aparentes limitacións, a través da intervención e tutela na súa metodoloxía de estudo. A medida que optimicen a estratexia de aprendizaxe, aprenderán a detectar dúbidas ou necesidades de reforzo, o que axudará ao labor do profesor, de xeito que este deberá facilitarlles a consulta e resolución das súas preguntas e o material de apoio que precisen. Este material deberá remarcar os contidos básicos e mínimos esixibles que lles permitan comprender a materia para poder seguir o ritmo das clases e ir avanzando co resto dos compañeiros na medida do posible.

- × **Para alumnos de altas capacidades:**

Proporcionaraselle ao alumnado actividades e temas de ampliación «de reserva», dado o rápido ritmo de aprendizaxe habitual nestes casos. Tamén débese vixiar de preto a súa interacción social con outros alumnos e estar preparado para intervir se xorden problemas. Ademáis, é necesario para os alumnos con altas capacidades que o currículo educativo lles ofrezca la oportunidade de plasmar as aprendizaxes de maneira persoal e orixinal, de aportar solucións, de resolver problemas de maneira creativa, empregar a fantasía, etc. Por ese motivo, os materiais de ampliación que lles sexan facilitados deberán permitirles respostas abertas, pescuda de información (TICS) que lles faga sentir que a Ciencia está aberta ás novidades e constante reciclaxe, ideas, puntos de vista... onde caiba a súa necesidade de “saber máis”. Débeselles facilitar a consulta das súas dúbidas nun ámbito relaxado no que non se sintan cohibidos polos compañeiros e valorarlles esa inqueda para focalizala positivamente como esencial para avanzar no coñecemento científico e, como sempre, intentar aproveitar as características especiais de todos os alumnos para o seu ben propio e o de todo o grupo. É o xeito de lograr que cada individuo se sinta valorado nun equipo de persoas precisamente por ser como é.

- × **Para alumnado con TEA:**

Teremos en conta todas as indicacións recollidas no protocolo para alumnado con TEA: situación na aula, uso de axenda, adaptación das actividades de aula e das probas, etc.

- × **Para alumnado repetidor:**

Realizarase para cada alumno un plan específico para o alumnado repetidor, tal e como indica o protocolo.

En canto ás actividades complementarias, estas poderanse celebrar sempre que se poida asegurar o cumprimento das medidas de seguridade e de hixiene recomendadas polas autoridades sanitarias.

As actividades complementarias que este departamento intentará realizar serán:

- ➔ Participación en conferencias: PerCERNción, Masterclass, etc; se poden ser por videoconferencia, webinar,...
- ➔ Exposición itinerante de carácter didáctico que se pode albergar no propio centro.
- ➔ **Galicencia.** Se o espectáculo científico pode seguirse por streaming (retransmisión en directo por internet) dende o centro escolar

### XIII LIBROS DE TEXTO E OUTROS MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

Entre os materiais didácticos utilizados destacan:

- Plataforma EDIXGAL onde hai varios libros de texto de diferentes editoriais. Faremos uso de contidos das diferentes editoriais.

Outros materiais utilizados serán:

- x Outros libros de texto doutras editoriais.
  - x Material elaborado polo profesorado e compartido na aula virtual como:
    - boletíns de pendentes
    - actividades de reforzo
    - actividades de ampliación
    - apuntamentos, mapas conceptuais, esquemas e resumos,...
  - x A prensa.
  - x Medios audiovisuais: vídeos didácticos de elaboración propia ou de canais de educación publicados na rede, blogs, canais de youtube didácticos...
  - x Medios informáticos: ordenador ou tablet para o uso de aplicacións didácticas, encerado dixital interactivo,...
  - x O laboratorio e os materiais necesarios para o desenvolvemento das prácticas.(se a situación sanitaria o permite, en caso contrario aplicacións de laboratorios virtuais e/ou vídeos didácticos).
- A DISPOSICIÓN DESTE DEPARTAMENTO TEMOS OS SEGUENTES ESPAZOS (á parte das aulas onde se imparten normalmente as clases)
    - Laboratorio de Física e Química con canón de vídeo conectado a un ordenador.
    - 1 aulas de informática a compartir cos demais Departamentos.

- Biblioteca (tamén dispón de varios ordenadores que poden usar os alumnos para facer consultas).
- Departamento de Física e Química (dispón dun ordenador con conexión wi-fi e unha impresora).

## XIV REFERENCIAS NORMATIVA

### NIVEL ESTATAL

**Lei orgánica 3/2020, do 29 de decembro**, pola que se modifica a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

**Real Decreto 1105/2014**, do 26 de decembro, polo que se establece o currículo básico da Educación Secundaria Obrigatoria e do Bacharelato (BOE: 3-1-2015)

**Real Decreto 732/1995**, do 5 de maio, polo que se establecen os dereitos e deberes do alumnado e as normas de convivencia (BOE: 2-6-1995)

**Real Decreto 127/2014**, de 28 de febreiro, polo que se regulan aspectos específicos da FP Básica, aproban catorce títulos profesionais básicos, fixan os seus currículos básicos e modifica o Real Decreto 1850/2009, de 4 de decembro, sobre expedición de títulos académicos e profesionais correspondentes ás ensinanzas establecidas na Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación. (BOE 5-3-2014)

**Orde 65/2015**, do 21 de xaneiro, pola que se describen as relacións entre as competencias, os contidos e os criterios de avaliación da educación primaria, a educación secundaria obrigatoria e o bacharelato. (BOE: 29-1-2015).

### COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA

**Decreto 86/2015**, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galiza (DOG: 29-6-2015).

**Decreto 107/2014**, do 4 de setembro, polo que se regulan aspectos específicos da formación profesional básica das ensinanzas de formación profesional do sistema educativo en Galiza e se establecen vinte e un currículos de títulos profesionais básicos (DOG: 15 de setembro 2014)

**Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa.** (15-7-2011)

**Decreto 8/2015**, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar (DOG: 27-01-2015).

**ORDE do 19 de maio de 2021** pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2021/22 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia.

**RESOLUCIÓN de 17 de xuño de 2021**, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato no curso académico 2021/22